

**"DE FEITO, SERÍA GALICIA, GALICIA SE NON  
TIVESE UNHA LINGUA PROPIA?"**

## O CARTAFOL DO VENTO

O VENTO perdeu as follas  
do seu cartafol  
-esas que os chuvascos  
mecanógrafos  
tecolean no manual dos mastros?  
As gavotas non teñen quitasol  
pero fan raudos equilibrios  
polo aramio transparente  
de tódalas ortodrómicas do ceo  
O pailebote sin velas  
-Serán esas que o vento  
levou no seu cartafol?  
Tamén fai equilibrios no ronsel  
Ca boca aberta  
-caille a baba-  
está mirándonos o babión do Sol.

“É unha manifestación do espírito do pobo que recolle a impronta do seu andar polos camiños da historia e mesmo do medio xeográfico no que medra, a maior das democracias, non só porque todas as decisións as ratifica sempre o pobo, senón porque xunta tamén os que nos precederon e mesmo os que van vir.”

Filgueira



**GRUPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**



# CARTAFOL

REVISTA DO GRUPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA IES SÁNCHEZ CANTÓN • ANO XXII • NÚMERO 20

**LEVAMOS  
20 ANOS**

“Non hai egrexia catedral,  
nin austera ponte, nin  
cidade chea de encantos e  
xardíns con estanques de  
cisnes en quietude  
escultórica, que se poida  
comparar co monumento  
secular que é a lingua,  
unha creación comunitaria,  
colectiva, onde deixan o  
seu pouso centos de  
xeracións, millóns de seres  
que a labraron falándoa e  
escribindoa.”



Debuxo: Lucía Carballal



**"DE FEITO, SERÍA GALICIA, GALICIA SE NON  
TIVESE UNHA LINGUA PROPIA?"**

# CARTAFOL

REVISTA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA IES SÁNCHEZ CANTÓN • ANO XXI • NÚMERO 19

"Non hai egrexa catedral,  
nun austera pante, nun  
ciudad chea de encantos e  
xardins con estanques de  
cisternas en quietude  
escultórica, que se poída  
comparar co monumento  
secular que é a lingua,  
unha creación  
comunitaria, colectiva,  
onde deixan o seu pouso  
centos de xeracións,  
millóns de seres que a  
labraron falándoo e  
escribindoo."

LEVAMOS  
20 ANOS



UN PASO ADIANTE E OUTRO ATRÁS, GALIZA  
E A TEA DOS TEUS SOÑOS NON SE MOVE.

# CARTAFOL

Revista feita polos membros e  
colaboradores do Grupo de  
Normalización Lingüística



Non sempre unha imaxe vale  
por mil palabras. Nin por cen.  
Aquí é onde nos números anteriores  
publicamos a foto dos  
membros do GNL.  
Este ano non temos aquí nin  
tempo nin espazo para  
dar unha imaxe  
de tanta colaboración.  
Mais de cen.

do Instituto Sánchez Cantón  
de Pontevedra.

Moitas grazas a  
todos

O GNL non se responsabiliza  
do contido das colaboracións.  
Non existe censura. Para ti, lector,  
tampouco. Non censure, resposta!

gnldosanchez@gmail.com

DIRIXE

XOSÉ L. JANEIRO ESPÍÑEIRA



índice Índice Índice Índice Índice

|  |    |
|--|----|
| Neira Vilas, Rafa Vilar e Sechu Sende dan resposta ao GNL                          | 3  |
| 1.º Bach. D - 2.º ESO C - Proxecto Photocall                                       | 6  |
| É Profe... - Anxo - Física de Partículas coas mans                                 | 7  |
| Álvaro Cunqueiro e outros feirantes - 1º Bach. B - É Profe...                      | 8  |
| O Galego e o Portugués   |    |
| 10 Consellos para aproveitar o teu Android ao máximo                               | 9  |
| Responso polo Ravachol - É Profe...  | 10 |
| 20 anos do Cartafol, pequena historia - Proxecto Photocall                         | 11 |
| Entrevista a Fran Godón  | 12 |
| Conclusión - Lembremos o presente  | 14 |
| Agarimoso Imperfecto Sánchez - 1.º ESO B   | 15 |
| Descubrindo a Filgueira  | 16 |
| La Galicia pour nous - 3.º ESO E   | 17 |
| Pres-s Radiografía do cotián - 2.º Bach. D   | 18 |
| O enfermo imaxinario - É Profe...  |    |
| O delas é puro teatro, con maiúsculas  | 19 |
| I Concurso de Microrrelatos en Twiteer do Salón                                    |    |
| Risoterapia e Teatro   | 20 |
| Lucinda - 2.º Bach. A  | 21 |
| Alumnado do Sánchez en Florencia   |    |
| II Xornadas de Xogos Tradicionais  | 22 |
| 2.º Bach. B - É Profe... - 4.º ESO B   | 23 |
| Semana en Galego   | 24 |
| Sociedade e mentalidade - 1.º Bach. A  | 25 |
| Xornadas de Iniciación aos Bolos Celtas - É Profe...                               | 26 |
| Xornada de Rafting con Alumnos de 1.º de Animación                                 |    |
| Deportiva - 1.º Bach. C  | 27 |
| É Profe... - 1.º Bach. E   | 28 |
| Rumores nas bambolinhas - 2.º ESO A  | 29 |
| Pontevedra, a cidade más cómoda do mundo para vivir?                               |    |
| 2.º Bach. E  | 30 |
| Que é o que máis van botar en falta o ano que vén, fóra<br>do Sánchez? - 3.º ESO B | 32 |
| Proxecto Photocall - É Profe... - 3.º ESO A  | 33 |
| Saúda do Alumnado - 3.º ESO C  | 34 |
| 4.º ESO D - 3.º ESO C  | 35 |
| Filgueira Valverde con... - 1.º ESO D  | 36 |
| Odisea 3.0   | 37 |
| Banda sobre un conto de Suso de Toro - 1.º ESO C                                   | 38 |
| Verdadeiro ou falso? - 1.º ESO A - É Profe...                                      | 39 |
| 2.º ESO B - Señoras e señores: con todos vostedes...                               |    |
| (adivíña quién vén sendo)  | 40 |
| Certame Poético - Semellanzas razonables   | 41 |
| Proxecto Photocall - 2.º TSAAFD - Recomendacións para o                            |    |
| verán: Pequeños e grandes lectores   | 42 |
| 1.º TSAAFD - 2.º Bach. C   | 43 |
| 4.º ESO E - Proxecto Photocall   | 44 |
| É Profe... - 4.º ESO C - 4.º ESO A   | 45 |
| 2.º ESO D - Foto Acto Día das Letras Galegas                                       | 46 |
| XIX Certame de Tarxetas de Felicitación  | 47 |
| A miña experiencia no Concurso Coca-Cola   | 48 |
| Premios Excelencia 2.º Bach. - 2.º Bach. F (CGTD)                                  | 49 |
| 4.º ESO F (CGTD) - 3.º ESO F (CGTD)  | 50 |
| 1.º Bach. no monte con Juan - Paintball - 1.º Bach. F (CGTD)                       | 51 |

Cartafol 20 • Ano XXII



► O alumnado de 1.º Bach. botouse ao monte con Juan, Amador e Paco. Menos mal que foi no Grove e as armas disparaban pintura.



1.º BACH. F.

CGTD

#AVidaÉDuraComaOCañotoDaVerdura



# Neira Vilas, Rafa Vilar e Séchu Sende

## DAN RESPOSTA AO GNL

Entrevistas feitas por  
Francisco Javier Paz Cervantes, do GNL



NEIRAS VILA



RAFA VILAR



SECHU SENDE

**X**osé Neira Vilas (Grés, Vila de Cruces, 1928) é um dos escritores clássicos das letras galegas e o autor do livro mais lido da história da nossa literatura, *Memorias dun neno labrego* (1961). É membro numerário da Real Academia Galega (2001), doutor honoris causa polas Universidades da Corunha (1998) e da Havana (2003), e fillo predileto de Vila de Cruzes (2006). Entre outros galardons recibiu o Prémio da Crítica española (1977), o Prémio da Crítica galega (1981), o Pedrom de Honra (1986), a Medalla Castelao (1988), o Prémio Celanova (1989), o Prémio Trasalba (2004) e o Prémio Laxeiro (2010). Foi secretario geral das Mocidades Galeguistas e secretario da Comisom Organizadora do histórico Congresso da Emig

*Qual foi o motivo que te levou a escrever?*

**Neira Vilas.** Como en toda profesión ou en toda actividade, foi un rebulir íntimo que sentín dentro de miñ dende moi novo. Influido seguramente por lecturas, comecei de neno, cando ía á escola, a escribir algúns contos e algúns versos. Máis tarde, adaptei obras de teatro que representabamos na aldea e escribín letras para cancións do Entroido. Non me tomaba isto en serio. Comecei a tomalo en serio cando, con vinte anos, marchei a Buenos Aires e comecei a colaborar na prensa galega dos emigrantes. Publiquei moiito e, anos despois, atrevinme a publicar en libro. En suma, foi un proceso lento, non unha ocorrencia espontánea, nin moiito menos.

**Rafa Vilar.** Penso que é difícil reducilo a un único motivo. Por unha banda, a literatura en si, o pracer da lectura, contribuíu a que eu tamén me puxese a escribir nalgún momento. E despois, hai razóns que teñen que ver coas ganas (ou mesmo coa necesidade) de querer expresar con palabras a visión que tiña eu das cousas, do mundo e, por suposto, do meu propio mundo. Alén diso, tiña un irmán, tres

anos maior ca miñ (Mario Villar, hoxe tamén escritor), que naquela altura xa escribía contos, poesía...

**Séchu Sende.** Comecei a escrever porque gostava de ler. Lia e Lia sem parar e, un dia, na escola, escrevím um conto e este gostou muito. Isso deveu ser quando tinha onze ou doce anos e vivia en Noia. Eu nascim en Padrom, e lera alguns poemas de Rosália de Castro [1837-1885] e, dalgum jeito, gostava do mundo das palabras e via a Rosália mui próxima. Mais adiante, com dezasseis anos, descobrim outras emoções na escrita ao escrever as primeiras cartas de amor a umha moça. Logo, fruto do desamor, escrevím uns poemas e enviei-nos a um concurso, e foram premiados. Isso foi outra motivación importante. Ademais, paralelamente a todo este proceso, eu ia descubrindo cousas: eu, que era un rapaz castelhano-falante, que fora educado para falar castelhano e que aprendera a nom falar galego (porque isso é algo que se aprende, na escola e fora da escola), fum experimentando un cambio persoal e figem-me galego-falante aos dezasete anos. Daquela, o mundo cambiou. De súpito, descobrim um mundo cheio de creatividade e de positividade.

*Qual foi a resposta do teu pai/mãe?*

**RV.** A resposta na casa foi a da aceptación con normalidade do feito en si de que eu comezase a escribir, e pouco máis.

**SS.** O certo é que tivem sorte, porque ganhei varios prémios literarios e o meu pai e a minha mãe se sentiam orgullosos de ter un fillo ao que lhe reconheciám umha determinada habilidade, a de combinar palabras. Ademais, os dous provinham de familias humildes e galego-falantes. E eu, ao longo da minha infancia e da miñ mocidade, observei neles e noutrous adultos como se manifestava a diglossia. Lembro á minha mãe falando galego coa sua familia e coas suas amigas, mas quando falava connosco, cos

filhos, ou com alguém de traje e de gravata, se passava ao castelhano... Aquilo parecia-me tam injusto... Assim que quando dei o passo de botar-me a falar galego tam novinho, e decidim que a minha vida ia estar ligada à língua, e que, com ela da mão, ia trabalhar polo meu bem e polo bem comum do meu país, isso surpreendeu-nos muito. Non o esperavam. Eles pensavam que o melhor para mim era falar a língua más prestigiada, a língua da «casta», diríase hoje, o castelhano, e por isso educaram-me nessa língua, porque pensavam que era a melhor língua para ascender socialmente. E eu, claro, como muita outra gente que nos figemos neo-falantes na mocidade, queria, simplesmente, ser galego falando a língua que, curiosamente, outra gente rejeitava por umha carga histórica de prejuízos e de estereótipos. O mais normal, o que se esperava de mim, e de muitos rapaces e rapazas castelhano-falantes, era que seguissémos falando castelhano, por inércia. Mas tivemos a sorte de poder escolher, e escolhemos a língua propia do país.

*Qual das tuas obras consideras a melhor?*

**NV.** Non desboto ningún dos libros que publiquei, pero, entre as narracións de ficción, teño certa preferencia por *Memorias dun neno labrego*, por *Querido Tomás* [1980] e por *Esperando o leiteiro* [2012]. Noutro tipo de obras, *Galegos no Golfo de México* [1980], *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba* [1998] e *Isaac Díaz Pardo. Crónica dunha fecunda amizade* [2014]. En poesía, *Dende Gres* [2004].

**RV.** Con absoluta sinceridade, non sabería dicilo. Mesmo é unha percepción que eu mesmo vou mudando. Hoxe podería dicir, por exemplo, *Casa ou sombra* [1997], e mañá diría *Días de Sherezade* [2000] ou *Migracións* [2008].



**SS.** Isso é difícil de decidir. E suponho que non deveria ser eu quem julgasse as minhas obras. Tenho dias nos que gosto mais de O caçador de bruxas [2011], outros dias som mais de Animais [2010], outros de Made in Galiza [2007] ou das outras... Cada umha foi escrita numhas circunstancias, cumhas motivações singulares. Entre elas som mui distintas... Algumha é mais conhecida publicamente, ou tem mais capacidade de transformaçom social, como Made in Galiza, e outras, menos. Mas o valor dumha obra non depende só do número de leitores e leitoras nem da sua capacidade transformadora. Depende doutras muitas cousas, e valorar o conjunto, para mim, é difícil.

**Que é o mais satisfactorio da tua faceta de escritor/escritora?**

**NV.** Xa che contesto na resposta anterior. Podo engadir que escribir, comunicarme mediante a palabra-signo, é a tarefa que máis me agrada. Por iso son, tamén, xornalista. Sinto o afán de comunicarme cos demás.

**RV.** É satisfactorio cando dás editado un libro ou cando che conceden algúm premio literario. No caso da poesía, tamén o é un recital, por exemplo. E non deixa de ser satisfactorio poder falar do que escribes con outras persoas, con algúns dos teus lectores e lectoras.

**SS.** Pois talvez seja, entre outras cousas,

ter a sorte de poder expressar-me livremente e que do outro lado haja alguém, umha pessoa, dez ou mil, que compartem comigo esse proceso comunicativo, criativo, de transformaçom pessoal e colectiva. Todas as pessoas mudamos esta sociedade coas nossas atitudes, coa nossa participaçom, coas nossas relaçons sociais, coas nossas afetividades, co nosso traballo... Eu gosto de pensar que, como qualquer outra pessoa, estou a achegar o meu grão de areia para que o mundo seja mais fermo, mais feliz, mais justo, mais rebelde, mais insubmisso, mais crítico e mais nosso, da gente de abaixo.

**Qual é o teu escritor/escritora e a tua obra favoritas?**

**RV.** Que complicado! Non sei, gústame moito Álvaro Cunqueiro [1911-1981], por exemplo. Tamén Manuel Antonio [1900-1930], e o seu De catro a catro [1928] paréceme un libro magnífico. Dos meus contemporáneos, en poesía, citaría Olga Novo [1975] ou Estevo Creus [1971]. E xa de fóra de Galiza, igualmente poetisas, impresionoume moito, no seu día, a arxentina Alejandra Pizarnik [1936-1972] e tamén a luxemburguesa Anise Koltz [1928].

**SS.** Uí! Admiro a muita gente e muitas obras. Na minha adolescência, fípeí com Suso de Toro [1956], com Pepetela [angolano, 1941], com Guy de Maupassant [francés, 1850-1893],

com Edgar Allan Poe [estado-unidense, 1809-1849], com Reinaldo Arenas [cubano, 1943-1990], com Xosé Luís Méndez Ferrín [1938]... Daquela, por exemplo, ainda non conocía a literatura de muitas mulheres, porque estavam (e estám) menos acessiveis; mas, depois, alucinei com Gioconda Belli [nicaraguense, 1948], com Marjane Satrapi [iraniana, 1969] ou coas mulheres da minha geraçom, que conocim ao chegar a Compostela, como María Lado [1979], Yolanda Castaño [1977], Lupe Gómez [1972] ou Olga Novo, entre muitas outras que agora esqueço...

**Estás a trabalhar nalgum novo projeto?**

**NV.** Neste momento estou traballando en Semente galega en América, unha obra xornalística para dicir algo do que fixeron homes e mulleres galegas polo adiante do Novo Mundo en diversas ordes.

**RV.** De xeito sistemático e pensando nalgún libro en concreto, pois non. Pero dándolle voltas ás palabras e aos versos un sempre anda...

**SS.** Estou com várias cousas, porque temos muito traballo que fazer. Se queremos mudar este país, temos que ser trabalhadorinhos e trabalhadoras... Assim que estou a preparar um libro de viagem (Viagem a Goa), unha traduçom do poeta basco Joseba Sarrionandia [1958], um libro de relatos que talvez se titule A fórmula da



Pregunten hoxe que mañá preghunto eu. Onde está Numancia? En 2º B. Plan Bolonia, plan de coña. Aí che van unhas cantigas.

**1.º BACH. D**



liberdade e algumha outra cousa... Ademais, como ativista, estou a colaborar em Semente, um projeto de escolas em galego que criou o movemento social para que os nossos filhos e filhas tenham ensino em galego, normalmente. Os nenos e nenas galego-falantes deixam de falar a sua língua quando entram no ensino convencional, público ou privado. E muitos nenos e nenas castelhano-falantes non adquirem competências em galego e só o falan de forma mui restrita, nas aulas de língua galega e pouco mais. A raiz das reformas do Partido Popular (PP), mesmo comeza a haver nenos e nenas que nom tenhem habilidades comunicativas fluidas em galego. Este sistema está a privar aos galego-falantes do direito a formar-se na sua língua e aos castelhano-falantes do direito de ser competentes em galego. Assim que como a esta Administraçom lhe parece que isso é o normal e nom lhe preocupa, mas a muita outra gente ao contrario, pois decidimos criar as nossas próprias escolas, que financiamos vendendo camisolas, montando festivais e concertos, e criando rede social em defensa da imersom lingüística. Sabemos que a imersom lingüística é o melhor método para adquirir competências lingüísticas em sociedades como a nossa.

#### *Como vês a situación actual da língua galega?*

NV. Nas aldeas seguimos falando galego, como sempre. Nas cidades fálase menos. Preocúpame a ignorancia de moitos países que lles falan aos fillos nenos en castelán, algo innecesario, porque o dependen na escola. Hai complexos que veñen de dúas xeracións atrás, de cando a xente era reprimida na escola por usar o galego, cando se pensaba que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Hoxe temos algo de prensa en galego, algo de radio e televisión; fálase galego no Parlamento; hai sinalizacións nos hospitais, nas autoestradas, etcétera. O galego vai adquirindo prestixio social. Pero a ignorancia leva a certa xente a sentirse inferiores se falan na lingua natural de Galiza. Ignoran que é unha das más ricas que se derivan do latín, que podemos comunicarnos con millóns de persoas (Portugal, o Brasil, Angola, Mozambique, etcétera). É unha das tres linguas atlánticas, co castelán e co inglés. Teño comprobado que, á hora de falar, a diferenza entre un galego e un brasileiro, poño por caso, non é maior que a que pode haber entre un de Salamanca e un de México, por exemplo. Esta lingua, decantada polos nosos devanceiros ao longo de nove séculos, é o maior legado que recibimos.

RV. Resumidamente, é unha situación difícil e complexa, xa que temos unha lingua desamparada por boa parte das institucións, comezando pola Xunta, e que necesita ser protexida e potenciada a nivel social, o que implicaría, tamén, que todos e todas nos

comprometésemos coa extensión dos seus usos. A realidade é que a lingua galega está nunha fase de devalo (a xente máis nova é a más afectada por isto), e iso require actuar a todos os niveis para revertir a situación. Unha situación que, por outra parte, sendo difícil e complexa, non é nin moi menos catastrófica: séguese falando en amplos sectores e canalizando boa parte das expresións artísticas e culturais do país, etcétera. Polo tanto, é posíbel mudar este estado de cousas con respecto á vitalidade da lingua galega, e niso temos que centrar moitos esforzos os e as que o teñamos claro, sensibilizando ao resto da importancia de contar cunha lingua máis viva e máis dinámica en todos os ámbitos da nosa sociedade, comezando polo ensino, polas actividades de lecer, polas ferramentas de comunicación...

SS. Penso que, desde há muitos anos, há interese, por parte da maioria dos agentes políticos, de que a nossa língua fique minorizada, discriminada. Desde o Estado español, por exemplo, há um grande interese por unificar lingüisticamente o Estado em base ao seu projeto nacionalista español. Esse nacionalismo, ou pequeno-imperialismo, español, vem de longe, radicalizou-se coa ditadura de Franco e, nos últimos anos, voltou com força, nom só entre os partidos políticos centralistas, senon mesmo entre umha parte importante da nossa sociedade. Isso está aí. E eu gosto de formar parte dumha parte da sociedade que, dia a dia, com compromiso social, cultural, político e cidadão, trabalhando desde umha asociación cultural ou vizinal, desde a organizacón dum festival de rock, desde a ediçom dum CD, desde a criaçom dumha empresa de alimentación ecológica ou desde a propia rede social (ou seja, desde muitos ámbitos), estamos a intentar que a Galiza mude económica, social e lingüisticamente. Sabemos que umha das claves do desenvolvimento da Galiza é o idioma. Levamos muitos anos, desde os Reis Católicos, perdendo falantes, idioma, palabras. Mas nunca houvo tanto ativismo em defensa da lingua e tanta gente coa ideia de que este país vai ir a melhor se decidimos apoiar o nosso idioma. Porque o idioma defende-nos e cria desenvolvimento.

#### *Que crés que se devería fazer para garantir a sobrevivência da língua galega?*

RV. Unha lingua só sobrevive se as persoas, se o pobo, se a comunidade que a fala sente que ese idioma é válido e útil. Nós temos unha lingua, o galego, con séculos de historia detrás, e isto ten a súa importancia. Mais o reto é que, na actualidade, tamén vexamos a importancia da súa preservación, e, polo tanto, a necesidade de utilizármola como vehículo comunicativo, e de facer isto en diferentes espazos e en diferentes ámbitos: na casa, na rúa, nos centros de ensino, nos medios de

comunicación, nas actividades de lecer, etcétera. Obviamente, iso esixe o compromiso das Administracións e dos Gobernos (hoxe por hoxe, en Galiza, iso non é doad), e, así mesmo, o compromiso da sociedade, ou de amplos sectores desta. No noso país, certamente sempre houbo (e hai) un sector importante que ten (temos) máis que clara a importancia do galego e a necesidade de avanzar na súa normalización como lingua de noso, pero obxectivamente tamén se fai necesario que máis sectores, máis xente, tome conciencia disto. Haberá que seguir deseñando estratexias que avancen nesa dirección, e logo, xa a nivel individual, cada un e unha de nós terá que achegar o seu gran de area en favor da causa da lingua galega.

SS. Todo depende do grado de participación social, da forza participativa da gente, da tua, que lés isto, dos teus e tuas colegas e, em geral, da cidadanía. Sabemos que umha minoría radical, nacionalista española, está contra o galego. Mas há muita gente que pode fazer muito pola nosa lingua. Sabemos que desde o espanholismo dos Gobernos atuais se atua a favor do castelhano prioritariamente. E que tenhem muitos cartos, meios de comunicación e empresas afins. Mas también sabemos que, se a gente apostá polo galego, como ferramenta para transformarnos, para cambiar, esse cambio pode ser imparábel. Assim que todo depende de nós. De que um dia falemos un pouco máis galego do que se espera de nós. E outro dia, un pouco mais. E outro, un pouco mais. Nom podemos esperar que esta sociedade cambie se nós nom o fazemos. E se seguimos a fazer o que sempre figemos, imos ter o que sempre tivemos. Assim que mudar isto, nom só lingüística senon socialmente, depende de todos e todas nós. À gente que lhe vai bem nom lhe interessa que isto cambie. E essa gente já sabes que lingua fala.

#### *Como vês a situación actual da literatura galega?*

NV. Escríbese e publicase moi. A literatura galega está á altura de calquera outra literatura europea. Pode que se lea menos. Tamén se le menos en castelán (en España). Nos rapaces conspiran, lamentablemente, os xogos de ordenador; a informática é un medio marabiloso, pero, neste caso, é un obstáculo cultural.

RV. Penso que a actual situación de crise económica (que, por outra parte, é un fenómeno complexo) tamén está a afectar á vitalidade da literatura do noso país, e faino negativamente, claro está. Si entendo que existe, dende o punto de vista creativo, unha situación relativamente boa, con moita xente escribindo, en todos os xéneros literarios, e con cousas de calidad e de interesse (outras que non, como en todas as literaturas). Pero penso que a situación é más problemática



cando pensamos en índice de lectura, máxime se falamos de lectura en galego. Así mesmo, segue habendo moitos problemas coa visibilidade social dos libros galegos, que é moi escasa. Hoxe hai, tamén, problemas para a edición de libros e para a súa distribución con garantías. Outra vez, os poderes públicos tampouco están á altura das necesidades do mundo literario galego. Outro problema ten que ver cos medios de comunicación, que, en xeral, permanecen bastante alleos ás nosas realidades lingüística e cultural, e, polo tanto, literaria. En fin, parafraseando aquel tema musical dos anos 80, «malos tempos para a lirica». Porén, non quero ser catastrofista, nin sequera pesimista de máis a respecto disto. Como dixen antes, hai monta xente escribindo, facendo literatura galega, lendo, promovendo a diferentes niveis os nosos libros... En fin, que aí estamos.

**SS.** Interessa-me muito a relación da nosa língua cos outros territorios onde se fala o galego internacional, isso que por aí adiante se conhece como «portugués». O galego-portugués, a nosa língua, que se fala no Brasil ou em Angola, está a dar muita calidad literaria. E a Galiza está a aportar mucho ao mundo escrevendo em galego com «nh». Eu decidim escrever com «nh»: «caminho», «estrelinha», «vinho». Antes, escrevia com «ñ». Dá-me a impressom de que a literatura galega com «nh» tem a sorte de poder aproveitar o valor patrimonial, tradicional, da língua, como sempre se falou aqui, e o valor internacional, que nos comunica com mais de douscentos milhons de falantes. E aquí temos grandes escritores e escritoras, com «nh» e com «ñ». Gosto muito de Ígor Lugrís [1971], de Lupe Gómez, de Andrea Nunes [1984] e de várias dúzias más. A gente nova está a traer muita qualidade. E todo vai depender, claro, da saúde do idioma. Quanto menos galego fale a gente, menos língua haverá para mover o país, mais se vai empobrecer a Galiza, e mais se vai enriquecer Espanha e, principalmente, Madrid. Quanto mais gente falemos galego, mais literatura, mais música, mais cine, mais ciencia, mais tecnologia imos producir, compartir em galego-portugués, desde a Galiza, entre nós, para nós e para o mundo.

#### Algo que engadir?

**NV.** Si. Que utilicemos máis a lingua galega, porque é a nosa natural (sen menosprezo ao castelán nin a outra), a lingua que nos define como pobo. Onde vexo algo deste deteriorio é nos colexios e nos institutos. Os estudiantes escriben moi ben o galego (porque o deprenden), manteñen diálogos con ensinantes (seño por experiencia persoal), pero, xeralmente, saen do edificio escolar e, entre eles, falan o castelán. Por que? Non o entendo. Nos corenta e tres anos que vivín en países de América, todos os meus libros escribinos e publiqueiros exclusivamente no

meu idioma, no galego. O galego serve para expresar o amor e para dirixirse aos nenos, é un idioma moi doce, moi tenro, cun léxico extraordinariamente rico. Debe ser un orgullo que este pequeno país de trinta mil quilómetros cadrados e de dous millóns e medio de habitantes teña un idioma propio, un dos más ricos derivados do latín, dos más ricos por

razóns históricas: o Camiño de Santiago, etcétera. Debemos sentirnos orgullosos dese privilexio.

**RV.** Pouca cousa. Simplemente agradecerche a posibilidade desta entrevista e, moi especialmente, o teu esforzo en favor do galego e da nosa literatura. Sinceramente, penso que é un esforzo que paga ben a pena.




## 2.º ESO C



**É profe agora, pero daquela  
áinda non sería nin alumna.**

**A ver se adiviñas quen vén sendo**



## FÍSICA DE PARTÍCULAS COAS MANS

*Maria Bará*

O pasado 26 de marzo acudimos a unha masterclass de física de partículas na Universidade de Santiago, acompañados polo profesor Dapena. A xornada estaba organizada polo departamento de Física en colaboración co CERN. Ao comezo do día asistimos a unhas conferencias sobre a física de partículas e o funcionamento do CERN, onde se atopa o maior acelerador de partículas do mundo. Logo dun breve descanso, comezou a actividade práctica. Consistía en clasificar distintos tipos de partículas a partir dos datos dun simulador. Os datos procedían do experimento CMS no CERN. Polo tanto, analizamos sucesos reais e incluso chegamos a atopar o famoso Bosón de Higgs. Máis tarde realizamos unha teleconferencia con outros alumnos de Italia, Francia, Croacia e Finlandia; que realizaron o mesmo experimento ca nós. Mantivemos unha interesante charla con eles e más dúas investigadoras do CERN e comparamos os resultados obtidos no experimento. Nesta xornada coñecemos a outros mozos interesados pola ciencia, procedentes de distintos centros do país. Foi unha experiencia única, polo que vos animavos a todos a interesarvos por actividades como esta. E, se tedes a oportunidade, a participar o ano que vén.

# ANXOANXOANXO

**1. Que foi o máis estraño/incredible que che dixo algún alumno nos teus anos de docencia?**

Nunca tiven ningún problema especial con ningún alumno. Acórdame unha vez que tiña un rapaz moi traste en 1º ESO e eu poñíalle negativos na nota, porque se portaba mal e entón dicíalle eu “Outro negativiño”. E logo, dous anos despois un día topoume nun pasillo e díxome: “Mestre, como boto de menos os seus negativiños”.

**2. Algun proxecto en mente ou xa en curso agora que estás xubilado?**

Si, teño a páxina ogalego.eu que estaba bastante abandonada porque non tiña tempo e agora espero poder, por exemplo, actualizala; e cousas que vaian xurdindo, cousas de literatura e participar noutras... non teño problema de que me aburra.

**3. Un país ou cidade que queiras visitar especialmente?**

Moitos, a verdade é que moitos. Mira, pois apeteceríame ir a NY, a Londres e a Roma.

**4. Que lle dirías aos que están a piques de abandonar este instituto para ir á universidade?**

Aos que estades a piques de marchar, diría que o tomedes con ilusión. Mirade, a selectividade, se pasastes o curso, é facilísima. Case ningúen suspende a selectividade. Logo algúns baixan... outros soben... depende de como se che dean eses exames, do día que teñas... E logo o meu consello é que fagades o que vos guste. Eu cando empecei galego, non sabía que había galego. Empecei filoloxía; e en 3º cheguei á facultade e vin que había galego e eu... pois anótome a galego. E nunca me arrepentín.

**5. Qué serías noutra vida?**

Profesor de galego. O que pasa é que tería que nacer a partir do 1980 para poder exercer de profesor de galego, porque se me volvo ó s. XII... Ben, podería ser trobador, tampouco estaría mal, ou xograr, tamén estaría ben.

**6. Hai algún tema de sociolingüística, literatura ou gramática que che resulte aburrido? Que tema falarías todo o día del?**



Eu empecei sentíndome máis seguro na lingua. En parte porque o profesorado que eu tiven, tanto na universidade coma antes, non era moi bo en literatura. Entón o profesorado que tes sempre te vai condicionando un pouco. Pero axiña empecei a collerlle gusto á literatura e, nos últimos anos, non me importaba dar lingua, pero desfrutaba moito máis dando literatura.

**7. Tres décadas de profesor, párante os velllos alumnos pola rúa?**

Siiii. Agora xa teño pais de alumnos que eran alumnos, porque na presentación que fixestes alí aquel día de despedida... que me conseguistes sorprender, por certo, que eu non esperaba tal cousa, e eu non minto niso, estaba un pai de alumno, o pai de Diego. Vaia por onde vaia por Pontevedra, hai alumnos por todas partes. Unha vez atopei un ex alumno no aeroporto de Barcelona. Algúns xa che esquecen. O que é imposible é lembrarse dos nomes de todos, porque son miles de persoas... e como non volvedes. Hai veces que ves a cara e dis “Este foi alumno meu”. Como se chamaba? Pois non che acorda.

**8. Algunha historia dun alumno realmente emocionante.**

Moitas, porque ves alumnos que logo aparecen triunfando na política, na escrita, na literatura. Os profesores somos un pouco, no fondo, coma os pais. Áinda que non sexan famosos, é gratificante. Exemplo: vas cambiar de coche, chegas ó concesionario, e quem está para vender o coche é un ex-alumno, que te trata moi ben, e que sabes que non te vai enganar. É gratificante atopar un profesional en calquier sitio que sexa.



# ÁLVARO CUNQUEIRO – OS OUTROS FEIRANTES

**C**hámome Tristán, si Tristán, non sei o porque, pero ese é o nome que me puxeron no sacramento do bautismo. A xente especula que pode ser polos personaxes da lenda, pero quen sabe? Meu tío, ese que seica traballa como camareiro nun famoso restaurante de Lisboa, díxome que en Portugal coñecía a uns cabaleiros que comparten o meu nome, todos moi ricos, claro.

O 27 de febreiro de 1963 comecei o servizo militar, no Reximento de Burgos 38. Foi nunha tarde de permiso cando descubrín a orixe do meu nome. No mostrador do quiosco máis frecuentado da cidade vendíase xunto co xornal a novela “La verdadera historia de los amantes Tristán e Isolda”, e a falta da “verdadeira historia”, merqueina. Non puiden parar de ler ata que cheguei ao punto final. Cando rematei pasei a chorar horas. Nese momento decidín que tiña que atopar unha muller chamada Isolda e casar con ela! Días de busca despois, a persoa que ata agora só se dirixira a mi para impoñermee horas de garda ou para ordenarme facer unhas “planchiñas”, ese sargento que se fai chamar Recuero, cun trato moi amigable contoume que coñecía unha tal Isolda,



reescrito por Pedro Tizón Otero

churreira de profesión, que vivía en Venta de Baños. Deume todas as horas libres que precisase mentres fosen para atopar o meu amor. Si, “atopar o teu amor” foi a expresión que utilizou, non sei que moscallé picou.

Hora e media despois de manter esa conversa, estaba nun tren camiño á vila onde me agardaba a muller que me acompañaría o resto dos meus días. En canto pousei os meus pés no andén, non parei de moveles ata atopar a churreiría. No mostrador, unha anciá atendía a un cliente. Debe ser a miña futura sogra, pensei. Cando rematou de servir “unha ducia de churros mais un de regalo”, dirixinme a ela preguntando pola súa filla. Que non tiña, respondeume, que pouca grazia! Entón aclarei que quería

falar con Isolda. Servidora, foi a súa segunda resposta. Quedei de pedra e coa voz trémula dixen: son Tristán.

**É profe, aínda que tamén tivo a súa infancia**

**Seguro que acertas quen vén sendo**



As notas danas os burros, vale?

**1.º BACH. B**



# O Galego e o Portugués

Alberto Barco Ogando  
Carmen Alvariño Pazos

**A**s linguas modernas galega e portuguesa proceden da lingua medieval románica que se formou nos territorios emprazados ao norte e ao sur do río Miño. A finais do século XI realizouse unha división que non foi impedimento para que ambos territorios compartisen, durante varios séculos a mesma lingua neolatina, o galego-portugués.

A comunidade lingüística comezou a distanciarse ao longo do século XV. O portugués alcanzou un gran cultivo artístico e levouse a Brasil, mentres que o galego viu esgotado o esplendor poético medieval. A lingua común dividiuse en dúas diferentes, áinda que semellantes: o galego e o portugués. Actualmente o portugués é a sexta lingua máis falada no mundo. É a lingua oficial de 11 países e empregada por 217 millóns de persoas.

Desde o noso grupo de normalización lingüística decidimos realizar unha enquisa ao alumnado para confirmar se o galego e o portugués son tan semellantes. A actividade consistiu en escuchar e completar as letras de duas cancións en portugués. Esta enquisa realizouse en dous cursos de bacharelato. Os resultados da sondaxe foron mellores do que se agardaba: a maioría do alumnado completou correctamente arredor do 80% dos ocós.

En conclusión, esta actividade ensinounos que a pesar de varios séculos de distanciamento o galego e o portugués áinda conservan moitas semellanzas. A enquisa tamén axudou ao alumnado a aprezañ a nosa lingua facendo visible a súa utilidade tamén más alá de onde é lingua propia, fóra de Galicia.

## 10 CONSELLOS PARA APROVEITAR O TEU ANDROID AO MÁXIMO



### 1. Utiliza o teu móvil como sensor cardíaco.

Hoxe en día, moitos móveis traen un medidor de frecuencia cardíaca, podómetro, ... pero sabías que podes facelo só coa túa cámara? Esta aplicación chámase HeartRate, da marca Runtastic. Esta app é imprescindible para corredores habituais que non queren gastar diñeiro nun aparello para medir a frecuencia cardíaca.



### 2. Usar o teu móvil coa pantalla rota.

Isto non é una aplicación en si, pero pode sacarnos de varios apuros. Nunca se che rompeu o móvil e quedaches sen el durante un mes? Se aínda podes ver a pantalla, podes utilizalo só cun cable OTG e un rato.



### 3. Doar cartos a causas benéficas axiña.

Tan só cunha aplicación podes axudar a algunas causas benéficas. A aplicación chámase Strava e, ademais de ser unha moi boa aplicación para roteiros de ciclismo ou correr, Iwopi é a que fai toda a maxia, ao chegar a unha cantidade de quilómetros, unha marca doa certo diñeiro a unha causa benéfica.



### 4. Autodesk Pixlr.

Se es un amante da fotografía, esta é a túa app. Retocar, mover, cortar, xirar, enmarcar... Centros de opcións para que a túa imaxe quede perfecta.



### 5. Cinema FV-5. y Cámara FV-5



Para facer unas imaxes moi boas, coas que retocar co DPixlr. Esta app permite che modificar moitos parámetros, como se dunha réflex se tratase.

### 6. Lookout.



Lookout é un programa para localizar o teu móvil dunha maneira moi sínxela. En caso de roubo ou perda, poderemos atopalo grazas ao GPS e poderemos ver onde dende o ordenador ou dende outro móvil.

### 7. Todoist.



Queres programar o teu día a día, pero non atopas unha que che guste? Proba con Todoist, é moi manexable e sínxela, con alarmas e distintos modos de vista para organizar a túa axenda.

### 8. CM Browser.



Para nós, o mellor navegador para Android. Ten infinitas opcións, é moi lixeiro e permite unha conversión de páxinas a texto que nos axuda a que carguen as páxinas máis rápido.

### 9. NQ CallBlocker.



Queres evitar que alguén te chame ou que chames ti? Esta aplicación prohibirache, a menos que a desactive, que te chamen ou chames a un número determinado.

### 10. MusicXmatch.



Esta aplicación é moi simple, busca a letra da canción que estás a escutar e móstracha. Ademais, trae un bo reproductor de música.



Cristina Álvarez e Rubén Vilas



**R**equiet aeternam, dona eis,  
Domine, et lux perpetua luceat  
eis. Kirie eleison, Christi eleison.  
Dum veneris iudicare seculum per  
ignem... quia rovacholum mortus est.

Amadísimos alumnos, profesores e  
conserxes, queridos irmáns:

Estamos aquí reunidos neste tanalorio para celebrar unhas horas fúnebres porque hoxe é un día moi triste, o papagaio Ravachol, o noso loro, o papagaio namorador de cacatúas, o príncipe das aves parlanchinas finou, morreu na paz dos paxaros.

Temos que facerlle o pranto, chorar por el e polo Entroido que marchou con el. Agora que vai ser de nós nesta longa coresma, neste longo mes ata as vacacións de Semana Santa? Si, benqueridas viúvas e viúvos, metidos tantos días neste escuro Sánchez Cantón sen nos poder divertir! Os alumnos a estudar e os profesores a corrixir agardando a maldita segunda avaliación! Ai, Por que non resucitas para nos salvar, benquerido Ravachol? Ti que voabas con tanta grazia coma Messi e Ronaldo xuntos, ti que parloteabas mellor que a mesma Belén Esteban! Con esas tan lindas plumas que semellabas un pavo real, con ese picotear tan señoril. Por que te fuches, Ravachol?

E fúcheste sen protestares, levando contigo as nosas diversións e alegrías carnavalescas. Ai, queridos irmáns, imos dirixirnos ao noso benamado loro para que nos libre dos males que nos afogan. Así que imos lorear todos xuntos en

amizade, en confraternidade dicindo todos a mesma loración: Renegamos Ravachol.

De todas as notas por debaixo do cinco Renegamos Ravachol!

De todos os deberes e traballo para a casa Renegamos Ravachol!

De todas as estancias na Aula de convivencia Renegamos Ravachol! (a ver, que loreen tamén os profesores que non se escotan).

## É profe e abofé que reparando nela has recoñecela ben doadamente



De todas as chamadas á Dirección  
Renegamos Ravachol!

De todas os sermons da nosa Xefa de Estudos Renegamos Ravachol!

De todas as prohibicións de usar o móvil Renegamos Ravachol!

De todas as faltas de orde sempre inxustas Renegamos Ravachol!

De todas as chamadas aos pais e naís Renegamos Ravachol!

De todos os avisos das titoras Renegamos Ravachol!

De todos os correos do Vicedirector Renegamos Ravachol!

Das faltas de asistencia e retrasos Renegamos Ravachol!

De todos os profesores aburridos e esixentes Renegamos Ravachol!

De todos eses horribles papeis de cores chamados partes Renegamos Ravachol!

De todos os exames e probas sorpresa Renegamos Ravachol!

E de todos os malos amigos e compañeiros peores Renegamos Ravachol!

Que ardan o domingo coas túas plumas todos os males e queden connosco todos os bens.

E déixanos logo só cos bos amigos e amigas ... coas profesoras sempre alegres e os profesores que nunca se enfadan ... cos ricos bocatas e lambetadas da cafetería ... cos nosos queridos móbiles sempre acendidos para poder guaspear... cos conserxes que nos deixan saír fóra sempre que nos apeteza ... cos ligoteos na Biblioteca ... con todo o que nos gusta e nos apetece

Adiós, au revoir, good bye, requiescat in pacem, queridísimo papagaio ... choremos, chorade ata acabarmos roucos, sen voz polo noso finado entroido e polo noso Ravacholiño tan guapiño, que cantaba tan ben e falaba mellor.

Que o Supremo facedor dos seres alados o acolla no paraíso das aves. Amén!



Achegadas, amizades e demais persoas persoais no día de loito polo Ravachol.



# 20 ANOS DO "CARTAFOL" PEQUENA HISTORIA

O Grupo de Normalización Lingüística do Sánchez Cantón no curso 1993-1994 publicou por primeira vez a nosa revista, a revista "Cartafol". Hai xa vinte anos desde entón non deixa de publicarse.

A lo largo da súa andaina, a revista recolle as vivencias, as inquietudes, os traballos, as saídas culturais e as vías de estudos dos miles de alumnos que cursaron e cursan os seus estudos nas aulas do centro.

No seu comezo era un Instituto de Bacharelato ata transformarse no actual Instituto de Ensino Secundario. Os cambios durante todo este tempo no centro, nos profesores e nos alumnos son numerosos, pero a revista continúa sendo similar no seu formato e no seus contidos.

Nas catro primeiras publicacións a portada da revista foi a mesma, e nas seguintes está dedicada á persoa homenaxeada cada ano no día das Letras Galegas. Dende a primeira edición ata hoxe, as persoas homenaxeadas aparecen na portada, ben cunha fotografía ou ben cun debuxo feito por algún alumno do centro.

A estrutura da revista é basicamente a mesma. Na segunda página está o índice dos artigos que aparecen nela e o agradecimento ás persoas que colaboran e fan posible esta publicación. Nas primeiras catro revistas apareceron os nomes dos colaboradores, pero a partir da quinta, eran moitas as persoas e non era posible nomealas todas.

No interior alternan traballos, entrevistas, artigos de opinión, redacciones, fotografías, cómics, pasatempos,..., ou calquera traballo realizado que reflexa as actividades que se realizan no centro, tanto curriculares como de vías de estudos.

Na contraportada, desde a terceira publicación, sempre remata cunha frase e un poema "O cartafol do vento" de Manuel Antonio sobreimpreso no escudo que di "Denantes mortos que escravos", frase que Castelao incorporou ó escudo galego e que moitos anos antes utilizaron os membros do Terzo dos Galegos de Bos Aires cando se enfrentaron ás tropas inglesas en 1806.



O interese e a acollida da publicación va en aumento cada ano. Ao comezo ocupaba só dezasete páginas, e co paso dos anos, o aumento de colaboradores e o interese pola súa publicación, ocupa xa cinquenta páginas.

Pensamos que é unha boa ferramenta para coñecer o funcionamento do noso Instituto e os cambios que vai experimentando ao longo dos anos.

Xeralmente, aos alumnos do instituto gústanos moito ver as fotos de todas as clases e promocións, pois ademais de ver como cambiámos, tamén lembramos os compañeiros que se foron.

De todos os traballos que vimos, un dos que máis nos gustou, está na revista número 18. Trátase dunhas caricaturas dalgúns dos profesores feitas por alumnos; a verdade é que están moi conseguidas. Ademais, teño o autógrafo dedicado dun deles, o profesor Anxo

González, do que gardamos un bo recordo.

Vendo e repasando as revistas desde o seu comezo, chámamo a atención a cantidade de anos que leva o noso profesor Xosé L. Xaneiro Espiñeira como director dela. Desde aquí queremos agradecer o seu traballo e dedicación.

Pensamos que facer un Cartafol anualmente é unha gran idea, xa que permite coñecer as diferentes actividades que realiza o noso Instituto e o alumnado dende 1º da E.S.O. ata 2º de Bacharelato. E nós, que xa estamos no noso derradeiro ano, sabemos da importancia do Cartafol.

O noso desexo ao facer este traballo desta xa histórica revista é que tanto alumnos como profesores vexan e coñezan a historia do Cartafol e sigan traballando para que a publicación continúe. Por vinte anos máis do noso Cartafol!

Carlos Bermúdez de Castro  
José Ramón Vázquez Santa Cecilia



# ENTREVISTA A FRAN GODÓN

No noso traballo de Normalización decidimos realizar unha entrevista ao profesor de Literatura Galega do Século XX, Fran Godón.

Porén, non é só profesor de lingua, senón que tamén ten ao seu cargo un gran traballo de teatro, concretamente, teatro galego; a nosa intención é comunicar cal é a situación do teatro galego, como evolucionou nas últimas décadas e sobre todo recoller unha serie de anécdotas que fan o teatro galego moi atractivo.

Durante a entrevista démonos de conta do importante que é o teatro e o pouco valor que lle damos na nosa actualidade “se creces escoitando música, de maior escoitarás música, o mesmo acontece co teatro, pero o problema está en que as novas xeracións crecen sen teatro” dicía Fran como resposta a como está o teatro na actualidade.

Tamén decidimos preguntarlle acerca das obras de teatro realizadas no instituto, unha experiencia gratificante, segundo el.

**1) Como e cando comezaches a dedicarte ao teatro? Por que?**

Comecei a facer teatro aos 25 anos na Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Aos 24 anos fixen un curso de especialización de arte dramática que ofrecía a Universidade e ao ano seguinte presenteíme a unhas probas de selección que había para entrar na Aula. Fun participando en varias compañías universitarias e ata agora, uns once anos.

**2) Que te motiva a seguir facendo o que fas?**

Pois que mola moito e que é unha droga que necesita. Fundamentalmente eu fago teatro porque gústame, tanto as sensacións cando estás no escenario como cando estás escribindo e transmitindo emocións ao espectador. Iso é impresionante.

Ademais, tamén, ás veces é por

por Miguel Castro, Yago Iñarrea,  
Leticia Callejo, Lucía Otero



ansia de aprender e experimentar cousas novas no escenario ou simplemente representar cousas que les ou que pensas.

**3) Cal é o teu estilo teatral?**

Intento sempre non ter un estilo fixo. Probo cousas distintas. Fago un teatro moi baseado na convención, non tendo a facer cousas moi realistas. Tamén tendo a facer cousas asequibles para todo o mundo, é dicir, conto historias que dean pé a que os espectador saque as súas propias conclusións.

Diría tamén que me baseo moito


no control físico e por outro lado a miña mente xa no ámbito visual vai cara ao escuro e cara obras expresionistas, luces e sombras, pero isto xa é cuestión da miña enfermidade.

**4) Cal foi a túa mellor experiencia?**

Teño varias, moitas, e experiencias moi boas. Por exemplo, sempre que me chega algún dos meus actores ou un dos que empezou a facer o traballo comigo e di que o pasou ben, eses son momentos son super guais. Refírome a unha persoa que nunca fixo teatro e que a primeira vez que o fai sexa comigo e diga que lle encantou e cho agradece, ese é un momento xenial.

Teño que dicir que para mim o bonito do teatro non son os obxectivos aos que chegas, senón todo o proceso que vai ata aí. Xa que ao final representando unha obra pasas unha hora e media ou dúas, pero preparándoa son moitas e é preferible que sexan agradables.

Por citar un momento especial, coa primeira obra na que participei, “Hamlet”, coa que debutei en Santiago. A montaxe fora moi difícil e a miña actuación na estrea non estivera nada ben. Despois, cando



volvemos a Santiago, nunha escena na que tiña que tramar algo para convencer a outro personaxe, eu a traves da expresión e da palabra tiña que darrle a entender ao público unha conclusión. Entón eu estaba representando esta obra de Shakespeare e o director subíu a vela ó alto do anfiteatro.

Rematada a función, durante a cea, dirixiuse a min e díxome que una persoa do público dixo: ``Que cabrón'', referíndose a min. Nese momento eu dinme conta de que non o fixera mal, pois alguén que esta tan lonxe de min e di iso, é porque está vendo o personaxe e iso é gratificante.

#### **5) E a peor experiencia?**

Os momentos negativos vividos no teatro non foron propios del, senón máis ben por circunstancias externas que che dificultan facer o traballo. Por exemplo, estiven a punto se suspender unha función por un problema que viña de fóra.

No ámbito teatral supoño que o peor que nos pasou foi ter que ir aprazando a montaxe e estrea dunha obra, a que finalmente estreamos en Berlín, por problemas persoais graves dunha das actrices. Eu negárame a substituíla porque son teimudo e considero que o fundamental nos proxectos son as persoas e finalmente conseguimos representala. Pouco despois soubemos que tiña leucemia e ese foi un momento duro. Afortunadamente hoxe está recuperada.

#### **6) Ata onde che levou o teatro tanto a nivel persoal como de desplazamento?**

De desprazamento, foi en Berlín, vaia eu non actuaba, eu dirixía esa obra que escribira. Despois por España e Galicia en varios sitios.

A nivel persoal **eu non podería vivir agora sen o teatro**, tería que buscar outra cousa que o substituíse e sería fodido. A ver, eu empecei tarde e ata que empecei tiña un certo baleiro, como que me faltaba algo. O teatro foi o que me faltaba. Necesitaba algo por onde canalizar as cousas que eu sentía, as cousas que eu necesitaba contar, expresar. Escribía pero a min escribir aburríame e non me daba o suficiente, non quería nada parecido. O teatro foi distinto, o

teatro foi a chispa, por aquí podes expresar o que queiras, poder contarlle ao mundo as cousas que che inquietan... non sei, era tanto o camiño por expresar as cousas que tes dentro como por outra parte... é divertido! **Escribir, para min, eran unhas horas de baleiro absoluto, de soidade, de silencio, de estar comigo mesmo e o teatro é colectivo, é alegría e festa.** Non concibo a miña vida agora sen teatro, é imposible, ocupa todo o que non é familiar e profesional do ensino, académico digamos. O resto é teatro. Incluso durante algún tempo cando non tiña traballo, aquí, no ensino, foi o meu medio de subsistencia e hoxe en día tento manter con vida unha compañía profesional e outros proxectos variados. Para min, é... o que me completa, e que é o medio de expresión perfecto para min. Gústame moiísimo.

#### **7) Cantas obras fixeches e cal foi para ti a mellor?**

Levo.. pois non sei cantas, non sei... Estes dous meses, por exemplo, estreo cinco. Porque levo catro obradoiros de rapaces e eu escribo as obras. Pero non sei cantas, se che digo este ano, nestes dous meses, cinco e o ano pasado estreei tamén tres más, unha profesional, máis unha como actor.

**E en canto á mellor para min non sei, hai unha obra especial para min que foi o Fausto, 'Faux Box' chamouse finalmente, que non levou premios nin tivo demasiado recoñecemento pero que me gusta moi. Estreámola en Madrid, nun certame, e logo démoslle dez ou doce funcións máis. Bueno, simplemente fixémola. Pero é a obra que cando eu rematei de escribir, dixen: si!. Hai outras que estás relendo e dis: uff... E con esta estiven moi contento. Tiven outras que me publicaron, outras coas que levi premios, outras coas que gañei cartos, outras que me deron recoñecemento. Hai outras que poden estar redondiñas, pero depende do público, do xurado e de mil historias. Pero das que teño rematadas a min é a que máis me gustou. Despois, noutras, hai momentos, hai escenas que che parece que che quedaron super redondas, disto que rematas de**

escribir e dis: joder, que ben me quedou!. E despois teño unha que estou escribindo agora, que a teño moi parada. Levo case un ano sen escribir nada dela, vai con calma e creo que está a ser a mellor, pero está escrita á metade soamente así que non podo falar dela, non ten sentido.

#### **8) A túa experiencia de traballar connós e unha crítica.**

**Critica do voso traballo?** Ningunha,, ningunha. Non, non, non podo ter ningún tipo de crítica porque o que eu vos propuxera, aceptástelo, fixéstelo. Non houbo ningún tipo de complicación. A actividade foi positiva dende o principio. E así é como se fai o traballo, guai sería ter moitas más horas e facer más elaborado, más grande. Non teño. Se sacamos unha peza ben feita con pouquísimas sesións, tivemos moi pocas sesión de ensaio, e sen facer un pase xeral. O dia que fomos a facelo, puxéstesvos e fixéstelo. Tirastes para diante, como ten que ser. Non podo dicir ningunha crítica, estivo todo ben.

#### **9) Por último, como ves a situación do teatro galego?**

Depende por onde se enfoque esa pregunta, se a pregunta é a nível de profesionalidade dos compañeiros do Teatro Galego, é moi boa: nivel de formación da dirección, nivel de formación ou de experiencia más ou menos do equipo artístico, dos actores, das actrices. Hoxe en dia temos bastantes boas circunstancias no teatro de Galicia. E a nivel de dramaturxia, moi moi bo. Temos uns dramaturgos con moi boas ideas, case todos os dramaturgos son xente que fixeron teatro. Quero dicir, non son poetas que de repente decidiron agora meterse no teatro. **Hoxe en día os dramaturgos somos xente de teatro. Hai calidade, eu vexo moita.** Pero despois, os resultados que eu vexo nas táboas non se corresponden con isto que digo. Eh... os espectáculos galegos, a min, en xeral, entristecéronme bastante ultimamente. Con salvidades, claro está. Xa che digo, non é nin por falta de formación, nin por falta de talento nin por falta de ideas. Non sei polo que é. Hai moitos factores, haber hai outros que si que sei cales son. Pero vaia, isto



darianos para falar moitísimo tempo. Se enfocamos a pregunta dende a parte profesional, puramente económica e de mercado, a situación do teatro galego está complicada. A administración pública tampouco fai todo o que debería e non enfoca ben o seu, por outra parte escaso, apoio á arte dramática. A xente sobrevive en Galicia pois, porque sae en series, hai algunas subvencións, búscate a vida en mil historias, historias paralelas e así pódese sobrevivir, pero non temos un público formal, non hai un consumo de teatro, non hai un fomento de teatro nas novas xeracións para que cando sexan maiores poidan seguir sendo consumidores habituais de teatro. Pasa coa música, por exemplo, seredes futuros consumidores habituais de música pero non seredes consumidores habituais de teatro, é así de fácil. E non se corrixe iso, durante moitos anos leva así, non se corrixiu, entón, o contexto é moi malo. Despois, para min, hai unha circunstancia negativa pero non é puramente teatral, senón de concepto do teatro galego, que é un problema lingüístico, que creo que está começando a infiltrarse o español no teatro galego e iso supón unha ruptura do que foi a nosa arte dramática ata hoxe en día. Pero claro, é normal, se os rapaces son castelanfalantes con 18 anos, cando saen con 22 graduados en arte dramática, o seu corpo non lle vai pedir falar en galego. Entón, ai estase a producir tamén un problema que, para min, é cultural, porque o teatro galego esta perdendo en parte a súa identidade. Resumindo, todo isto depende de como enfoques a pregunta. Hai xente moi formada e nunha situación que debería ser óptima en moitos aspectos, como a calidade dos dramaturgos, dos elencos, dos directores pero que despois non se manifesta nas obras finais ou a mi parécmeme que non se manifestan. Quen sabe, a mi parécmeme que non se corresponde con esa formación. Ademais hai moitas dificultades a nivel de contexto, tanto de negocios para vivir disto como a nivel lingüístico. Para min a nosa lingua tamén é parte do teatro galego. Se

non fose en galego, eu non estaría facendo teatro, iso seguro. Eu entrei nisto, precisamente porque era mono-lingüístico, era en galego e aí

sentinme eu cómodo, se fose en español, non tería chegado ao teatro.

## C O N C L U S I Ó N

*Como vemos nesta entrevista, o teatro galego parece estar en declive pero non pola falta de medios nin de formación, senón pola vontade das persoas que sen darse de conta están contribuíndo á súa desaparición por preferir outro tipo de manifestacións artísticas ou por deixadez da propia sociedade e dos políticos.*

*Unha das conclusións a que chegamos foi que o teatro galego vese moi influenciado pola lingua, pois moitas compañías de teatro rexeitan obras polo mero feito de estar escritas en galego. Porén, como nos dixo Fran, o idioma non é ningún problema, dado que el mesmo representou obras en galego fóra de Galicia e non atopou ningún problema. Isto lévanos a pensar que os prexuízos sociolingüísticos perden os seus argumentos progresivamente.*

*Por último queremos agradecer a atención prestada por Fran e a súa sinceridade ante todas as preguntas, así como o cariño mostrado cara os seus alumnos de teatro, dos que semella estar moi orgulloso pola súa representación no instituto.*

## lembremos o presente

*2015. En pouco ancorará a dorna na que viaxa paseniña a Terra nos anos 20. Serán tamén felices? Nada máis sabemos que algo está a cambiar. O presente é a proba verdadeira da historia dun engano que tirou ao chan todo o que tiñamos como certo, e que será determinante no xuizo que se abre agora.*

*Un hoxe en transformación. Neste ano que será histórico para esta terra pido unha cousa a todos os seus habitantes, novos ou vellos, ricos ou pobres; que lembremos o presente e non esquecer xamais o que está a ocorrer. No futuro o agora será historia, historia da cal nós seremos, como mínimo, testemuñas. Fillos e netos preguntarán igual que facemos nós sobre tempos pasados.*

*Deamos unha leal crónica do noso presente: habemos coller papel e bolígrafo, e apuntar. Apuntar todo o que creamos que poida ser de relevancia, para que os que navegan atrás nosa saibam de boa man como foi este tempo.*

*E por que non facer unha autobiografía en vez dunha crónica? Di una canción que soa bastante na radio que un día deixaremos isto atrás, así que debemos facer algo memorable. Temos a oportunidade de facer algo que se lembre ata os confins do tempo. É algo, decidan vostedes se por fortuna ou non, que outros nunca tiveron.*

*É o momento de deixar de ver desde a beiramar o ronsel que deixa o barco do cambio. É tempo de subirnos a navegar. Deixemos de ser testemuñas, sexamos actores.*

*Boa travesía!*

*por Andrés Pérez Martínez*

# AGARIMOSO IMPERFECTO SÁNCHEZ

Álvaro Montes Campos  
Rubén Covelo Bugallo

**H**ai moitos moitos anos na pequena cidade de Pontevedra fundouse o histórico e prestixioso Instituto masculino de Pontevedra, o hoxe mellor coñecido como I.E.S. Sánchez Cantón). Logo de anos situado nun edificio da Alameda (hoxe en día é a casa dos nosos queridos amigos do Valle Inclán) o centro mudou cara outro máis novo e preto do río.

Este novo edificio estivo condenado dende as súas orixes á perfecta imperfección; comezando pola peculiar inclinación que tomou nunha edificación anterior debido a unha mala cimentación. Pero isto non lle chega nin á altura do betume ás múltiples peculiaridades que foi adquirindo ao longo dos anos este edificio situado na Avenida Raíña Vitoria. Comecemos por analizar o seu exterior que contan as lendas antigas que a súa fachada era dun branco nuclear, pero a única realidade é que actualmente é más ben dunha cor árida non ben definida pola ciencia. O señorío que imprimen as tres bandeiras que ten no alzado esvaécese en canto



traspasamos as dúas portas de cristal a nosa primeira sensación é a dun cheiro más ben fedorento causado por unha mestura de cloacas con comida e humidade. Isto seguido dunha estraña fenda que percorre o edificio pola metade dando a sensación de completa seguridade.

Falemos un pouco das aulas; sempre nunhas perfectas condicións e cheas de tecnoloxía punta digna dos más avanzados laboratorios. Non nos podemos esquecer das magníficas obras de arte que hai pintadas en todas as paredes, froito de anos e anos de aburrimiento nos mozos de Pontevedra; tal é a súa grandeza que equivalerían a unha arte rupestre contemporánea. É dicir, o noso instituto son as novas covas de

Altamira. Iso si, non nos podemos queixar dos ocos de ventilación que temos nos teitos; feitos a golpe de lapis propulsados polas leis da física. No noso instituto temos tamén un misterio que debería ser analizado por Íker Jiménez, os baños. Este ten increbles calidades como son o seu complexo de piscina pois aparecen sempre inundados; o misterio dos numerosos retretes roubados; e o máis macabro, o peculiar sabor da auga a sangue. Tras anos convivindo con este nobre edificio chegamos á conclusión de que isto se debe ao magnífico estado dos sumidoiros.

Pese a todas estas peculiaridades e imperfeccións, realmente témoslle moito agarimo a este centro e sempre terá un oco nos nosos corazóns. Este foi o noso último ano aquí e decatámonos que tras anos queixándonos de todo o anterior, collémoslle un agarimo tal que dános ata pena abandonalo. Podería dicirse que chegados a este punto todas as imperfeccións resultánnos agradables e ainda deixan un moi bo recordo en todos nós.



1º ESO B. Con "B" de intelixentes.



# DESCUBRINDO A FILGUEIRA

**F**ilgueira Valverde foi un polígrafo da nosa cultura, licenciado en Filosofía e letras e en Dereito, persoero moi interesado pola Historia e dende 1935 Catedrático de lingua castelá. Culturalmente foi un home moi activo na nosa/súa cidade, Pontevedra: patrono fundador e director do Museo de Pontevedra, membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, membro da RAG, alcalde entre os anos 1959 e 1968 e profesor e direcutor no Instituto Sánchez Cantón.

En canto á obra, foi moi prolífico tamén. Ten máis de 300 libros no seu haber unhas 1200 conferencias. Destacou o seu interese polas cantigas, Alfonso X, Camoens...

Na súa etapa dirixindo a alcaldía, baixo "a longa noite de pedra", foi unha figura moi polémica, galeguista de dereitas e impulsor da cultura nun réxime que repudiaba a lingua que supuxese calquera presunta ameaza contra a proclamada unión da "patria".

Entre os acontecementos daqueles anos cómpre mencionar o fusilamento na Caeira do seu amigo Alexandre Bóveda, eminente figura na nosa cultura. Filgueira foi criticado porque daquela tiña moitas influencias na cidade. Outro feito que se comenta foi o xuízo a Bóveda, ao cal Filgueira non asiste. Segundo algúns, é que por se tratar dun xuízo militar non había nada que facer.

Ao comezar este traballo non tiñamos moita idea da figura deste home, xa que

sempre se fala del no eido literario e non como político. Foi moi difícil atopar información, pero tras buscas no museo e diversas opinións, coloquios, artigos de prensa e a axuda dalgún profesor xa tiñamos o que procuramos. O primeiro que nos chamou a atención foi a súa elección como premiado co Día das Letras galegas, da cal se chegou a dicir que estivo amañada porque media hora antes da votación xa circulaba algún tweet de membros da Academia. Na feira do libro, dende logo, non se deu o habitual mostrario de obras, senón tan só dous libros, unha biografía e Quintana Viva. O seguinte paso ante tan pouca información era entrevistar e pedir diversas opinións, pero moito profesorado non se quería mollar. Doutra beira, a exposición do museo organizada pola fundación Filgueira Valverde achegounos ao seu legado cultural, pero en canto a política case nada.

Finalmente, reunindo toda a información optida, coñeciamos xa a figura deste peculiar intelectual.

Sinceramente, somos dos que creen que Carballo Calero ou Manuel María merecían más o premio xa que a súa obra literaria é mais completa.

Ante isto, tamén reflexionamos sobre como a política sempre acaba discorrendo por outros ámbitos, neste caso o da literatura. O Día das Letras galegas é un claro exemplo, non premia só a obra literaria, senón que valora a actividade política e tamén o traballo cara a cultura galega. Neste caso, política e literatura van da man, por iso non cremos acertada a decisión de escoller unha figura que durante o réxime franquista non reflexou os seus ideais galeguistas de forma clara.

O seu propio fillo dixo nunha entrevista "ni llevó nunca ninguna camisa azul, ni levantó nunca ninguna mano para cantar ningún himno". E iso é o que mostra a foto abaixo. Pero certo é que parte do seu pensamento tiña que comungar co do réxime, creándose así un gran problema moral cos seus ideais.

Moitos foron os mortos durante aqueles anos e case perdemos tamén a nosa lingua, pero cando se quere algo de verdade e se loita por salvalo, non por salvarse un mesmo, acaba por saír adiante.

Agradecemos a axuda dos mestres Anxo González, Chamorro, Humberto Martínez e a Xose Luis Janeiro polas súas opinións e achegamento de información.

Nunca deixedes de loitar polo que vos move, con ilusión atópase a liberdade.

**Adrián Fragueiro e Roberto Rey**



# La Galicie pour nous

Traballo desenvolvido pola profesora

Mar Villaverde co seu alumnado bilingüe.

Bienvenue!

Comment pourrait-on décrire ce que la Galice suppose pour nous? Terre de fleuves et de pluie, baignée par l'océan et animée par ses pêcheurs, avec des arômes qui rappellent des histoires magiques cachées sous les pierres...

Dans cette page, avec ces poèmes, nous voulons exprimer les profonds sentiments que notre terre nous évoque...

L'arôme à terrain mouillé  
mouillé par cette pluie  
de janvier à janvier  
cette pluie qui nous ennuie  
et ce vent et ces mœurs  
et ces montagnes et ces gens  
tout ça qui sans l'avoir  
les Galiciens ne pourraient pas vivre.

Eduardo Aguirre González

LA GALICE est terre de vie  
LA GALICE est terre de mer  
LA GALICE est terre de sorcières  
LA GALICE est magie

Maria Teresa Alonso González-Sollo

Avec des forêts sauvages comme représentation  
et l'Amazone pleine d'humilité,  
où la pluie est art,  
c'est le meilleur endroit pour habiter  
la verte et belle Galice qui est la même.

Sara Garrido Rodríguez

## As Especias DAS XOUVIÑAS Perfumadas



3.º ESO E



**A**nosa performance comezou cunha serie de palabras de tódolos tipos e sen ningunha relación entre elas. Había dende “flor” ata “anagnórise”. Finalmente “gaiola” foi a más empregada por todos nós. Estrés? Casualidade? Quen sabe.

Tras isto, cada un elaborou a súa propia representación, de non máis de tres minutos cada unha. Unha vez representadas e comentadas todas na clase Fran uniu as más similares, formando así unha obriña conxunta. Pasadas tres semanas ensaiando, configurando os personaxes e pulindo aspectos teatrais representamos as nosas obras diante dos compañeiros e profesores que viñeron vernos.

O público tería que adiviñar o verdadeiro significado do que vían, pois as obras eran mudas! Serían capaces? Velaquí algunas opinións dos nosos compañeiros:

—“Gustoume moito a representación, foi moi innovadora porque ningún de nós está acostumado a ver tatro habitualmente, e canto menos mudo! Ademais sentinme bastante identificado nalgúns casos; por exemplo, na maioría das obras viase de forma moi clara frustración, agobio, claustrofobia e rutina. E quen non se sente identificado con esos sentimento en pleno segundo de bacharelato?”

—“Creo que foi algo moi interesante de ver, porque nas representacións os autores poden expresarse libremente. Se ben algunas pezas eran difíceis de entender, foi entretido debatir coa xente candaseu xeito de entender a obra.”

—“Pois penso que os conxunto de escenas representadas estiveron moi ben. Foi curioso que fosen mudas, deste xeito supoñía unha maior atención pola nosa parte. Algunhas eran más fáceis de entender que outras e podíase interpretar calquera cousa. Fixérono moi ben e cabe destacar que a máis traballada estéticamente foi a escena representada no museo de bioloxía, as luces nesa escena enriqueceron a obra.”

# PRES\_S RADIOGRAFÍA DO COTIÁN

Feito por: Olga Silvina Centeno Andrés, Andrea García Díaz, Diego Bará Louro, Lucía Carballal Araújo, David García Álvarez, Claudia Gómez López e Yago Iñarrea García.



# O ENFERMO IMAXINARIO



É profe e se non o recoñeces  
será porque non o coñeces



O delas é puro Teatro, con maiúsculas



## Microrrelatos Finalistas

I Concurso de Microrrelatos en Twitter  
do Salón do Libro Infantil e Xuvenil

**Gabriela González (@gabriela\_gonz)** - 14 de feb.  
Era eu, sen vida por diante que disfrutar. Que más dará saber o que vai ocorrer?  
O mellor é vivar, si, pero no presente. #DaCienciaFiction

**marta villanueva (@marta\_luvosa)** - 1 de mar.  
#DaCienciaFiction Oh! Era como se o ser humano nunca existira, a historia repetise. O futuro non era máis que o retorno á orixe da vida.

**Martita (@MartitaJuncos)** - 5 de mar.  
Tantaron décadas en construir o edificio de acceso á porta do ceo, cando concluíron comprenderon que aquela era só de saída #DaCienciaFiction

**gonzo tb (@baldecar4)** - 2 de mar.  
#daCienciaFiction Unha nena cun camión branco, pelo negro e ollos escuros titubane. Sonrío o seu somiso piúxame os pelos de punta. 1/3

**gonzo tb (@baldecar4)** - 2 de mar.  
#daCienciaFiction -Estálave a esperar- -dixome dándome un espejo-. Bemel. Iso... Era eu? Ela botou unha gargollada. 2/3

**gonzo tb (@baldecar4)** - 2 de mar.  
#DaCienciaFiction -Isto pasa cada vez que alguém me desafía... Rapaz, eu son o tempo. 3/3

**Allis (@Allisssss)** - 2 de mar.  
#DaCienciaFiction Non sabía quién era pero o coñecía. Era velo e tiña os mesmos ollos que a miña nai. Era eu, eu nun mundo destruído.

## Risoterapia e Teatro

Maria Bará

A lo largo deste curso, dende o grupo de teatro do instituto organizamos varios talleres de risoterapia e improvisación dirixidos polo actor Hugo Andrade. Profesores e alumnos gozamos dunhas divertidas sesións nas que aprendemos moito sobre interpretación. Realizamos actividades de desinhibición, bailamos e deseñamos coreografías. Tamén interpretamos pequenas escenas inventadas por nós. Ao principio semella complicado, mais o importante é soltarse e ser creativos; as risas están aseguradas. Queremos animarvos a todos a interesarvos polo teatro e por talleres tan interesantes coma este, así como agadecer as ensinanzas de Hugo. Grazas a persoas coma el e á profesora Belén Herrero o teatro está máis vivo ca nunca nas aulas do IES Sánchez Cantón.

Outro ano máis estamos lendo os contos por palabras na clase de 1º ESO A do IES Sánchez Cantón de Pontevedra. E apeteceuños darlle as grazas ao autor.

Aquí vai unha adaptación musical dos dous anuncios (música e dirección de Xandre)

<https://www.youtube.com/watch?v=6nyPmHnS-4c>

E aquí o saúdo de tres rapazas:

Re: Fernández Paz  
por [Paula Piñón Peñela, Paula IESOA](#) - Xoves, 30 de Outubro de 2014, 15:58

Ola Don Agustín Fernández Paz, quero dicílle que me gusta molto o libro de "Contos por palabras" porque cunha grandiosa imaxinación coma a tua, fúchese capaz de escribir un conto só cuns anuncios do normal. Eu quero ser escritora, e a tua forma de escribir impérme. Parábola, Paula Piñón Peñela, 1º ESO A IES Sánchez Cantón. Bicos.

Re: Fernández Paz  
por [Sueiro Martínez, Núria IESOA](#) - Domingo, 2 de Novembro de 2014, 22:51

Ola Don Agustín Fernández Paz:  
O seu libro "CONTOS POR PALABRAS" gustame muito.  
Estou disfrutando moi do seu libro, pareceme moi divertido . Por agora a nulla parte preferida é cando o Unicornio Azul bencos parella .  
Adiós.  
Núria,Sueiro Martínez I.A.I.E.S Sanchez Cantón.

Contos por Palabras  
por [César Gestido, Henar Díaz IESOA](#) - Martes, 4 de Novembro de 2014, 23:06

Ola, Don Agustín: quero dicílle que o libro Contos por Palabrazas gustoume muito. O capítulo do Unicornio Azul doume moitas grazas; e, o de Vanesa e o anuncio de televisión foi o que máis me gustou.  
Espero que faga un novo libro para poder lelo e escribirche de novo!  
Muito apertada...  
Henar D César Gestido 1ºESO A  
IES Sánchez Cantón

Grazas, poir, outra volta polos contos por palabras

Apertas

Anxo González Guerra

Fernandez Paz 1.º ESO A

ares e cousas

Francisco Castro  
6 minutos · v

Pode haber algo máis grande para un escritor que isto que me envían dende o Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra, dos alumnos e alumnas logo de ler o meu CHAMÁDEME SIMBAD? Pode haber algo mellor?

Inmensemamente agradecidol!!



22 reproduccións


Gustarme · Comentar · Compartir

Francisco Castro 1.º ESO A

Like A 6 persoas gústalles isto.

Anxo González Guerra A vostede, Don Francisco, polos seus traballos Agora mesmo · Gústame





# LUCINDA

Baseado nun conto  
de Neira Vilas, feito por  
Carlos Bermúdez de Castro.

Recolla os bártulos e vía.





**U**n ano máis o alumnado do 1º curso de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas (TSAAFD), como traballo available dentro do Módulo de Xogos e Actividades Físicas de Animación, preparou, dirixiu e dinamizou esta actividade para o resto de compañeiros do instituto. A actividade enmarcouse dentro do Programa Deportivo de Centro.

Durante as dúas primeiras xornadas, os recreos do mércores 13 e o xoves 14 de maio, todo alumnado que quixo puido probar os sete xogos escollidos para a ocasión: a mariola, as chapas, os birlos, a corda, a chave, a ra e o aro con guía. O obxectivo destas dúas primeiras xornadas eran, ademais de pasalo ben, coñecer a nosa cultura a través do xogo e adquirir habilidade e destrezas.

Para a última xornada, o recreo do venres 15 de maio, desenvolveuse unha competición, na que todos e todas as que quixeron participar debían levar unha folla de control cos seus datos, e intentar superar cada unha das probas que había en cada un dos sete xogos. Nos 30 minutos de duración do recreo, como tempo límite, os alumnos e alumnas que terminaran as sete probas establecidas foron proclamados vencedores desta segunda edición da Ximcana de Xogos Tradicionais.



## II XORNADAS DE XOGOS TRADICIONAIS




A participación foi en aumento dende o primeiro ao terceiro día, polo que esperamos o vindeiro curso poder chegar a unha terceira edición.

Agradecer ao alumnado de 1º de TSAAFD o seu traballo e a súa implicación no desenvolvemento desta iniciativa. E felicitar a Manuel López Díaz (1º ESO C), Julián Martín Rivera (1º ESO C) e Ana Pousada Gallego (3º ESO C) que foron os gañadores da ximcana, e premiados con cadanseu vale-consumición na cafetería do noso centro.

O curso que vén máis e mellor!



Noraboa, campións!



## 2.º BACH. B

É profe e hoxe podes velo  
-e ben- polo instituto.  
A ver se dás acertado.



É profe , repará ben, non  
cambiou nadiña e seguramente  
che deu clase.



## 4.º ESO B

No vino! No  
vino! Un 4  
puede ser un 5  
como un 5  
puede ser un 4.



Neste curso 14-15 esta semana foi todo un éxito nas aulas de letras do segundo de bacharelato.

A idea xa foi desenvolvida anos atrás, pero normalmente por iniciativa individual ou de pequenos grupos.

Este ano, coa inspiración de Alberto Portela (2bachC) e de Andrés Mosquera (2bachE) decidín ir máis aló.

Xa se sabe que un conxunto unido sempre vale máis.

Grazas a todos os participantes e aos que escribistes diarios moi ben relatados nos que vemos reflexados moitísimas cousas. E sobre todo, grazas a grandísima clase que sodes, 2bach D.

Entre estas cousas caben destacar os prexuízos, lamentablemente áinda presentes, o apoio de amigos e familiares, as caras raras, os cambios de idioma... Un sen fin de acontecementos que reflexan a realidade da nosa gran lingua nai, o galego.

Nos diarios, alumnas como Raquel Liste, Claudia Gómez, Patricia Escudero (2bachD), relataban como as apoiaban as súas amigas e amigos.

Pero tamén contaban como algún que outro non estaba agradado co uso da nosa lingua.

Claudia conta como, **camiñando pola rúa**, algunas persoas puñan cara rara. Raquel, porén, conta como estando nun lugar tranquilo cos seus amigos e amigas o mozo dunha amiga chega e rise ao escoitala.

A súa contestación; "río polo pouco costume de escoitar isto".

Patricia Escudero viu como en redes sociais "amigos" se rían e dicían "agora convertirse en **galeguista ou así**". Xulgade vós mesmos...

Comezamos con este amplio tema, os prexuízos.

Un exemplo no diario? Dáñolo Sabela Martín:

"Non foron poucas as veces nas que sentín estar falando galego en Madrid en lugar de facelo en Galicia. **Chegueia a ser algo más ca unha espectadora** dos prexuízos que xiran en torno ao galego; dos que son vítima compañeiros, profesores, familiares, coñecidos e amizades, que non daba a imaxinar previamente ao proxecto".

Outra das anécdotas curiosas de Sabela dinos que acontece un xoves de festa por Santiago de Compostela. Un rapaz fala con ela na discoteca, e despois dun breve tempo pregunta; "¿pero tú vives en una ciudad...?" Xulgade vós mesmos...

A semana continuaba, nas casas

# Semana en Galego

Por Adián Fragueiro

apoiábanos e ían acostumándose, os verdadeiros amigos xa o facían desde o principio e o resto xa o aceptara. **Dentro do centro**, do IES Sánchez Cantón, contábamos cun gran apoio. Mestres como Jacobo Lorenzo (historia da arte), Cristina Muíños (lingua castelá), Jacobo J. Gutiérrez (inglés) apoiaban esta actividade e contestaban en galego. Cristina en lingua castelá usou o seu idioma, obviamente, e con todo o respecto contestamos tamén en castelán.

Pero que pasa coas clases de galego? Onde está o respeito? Son moitos os que non contestan na lingua da aula onde está...

A mestra Sagrario de Paz (economía), vallisoletana de orixe, fixo un esforzo e deu parte das clases en galego. Mostra do gran aprezo cara esta cultura.

Neste mundo cada vez máis globalizado, tamén hai cousas boas relacionadas cos grandes avances tecnolóxicos.

**O uso das redes sociais** no noso idioma tamén foi un gran impacto e unha iniciativa saída da nada como quen di, que gustou moito.

Antes de pasar a outro tema, dicir que non todos os profesores apoiaron esta "semana en galego". Alumnas como Sabela, Raquel, Elena e Irene contan como un profesor lles impón o uso do castelán e tras a negación mais deberes e peor temperamento na aula.

A vida seguía, e o cotiá, algumas cousas da rutina non cambian.

Lucía Carballal conta, ao **ir a polo pan a "Acuña"**, a dependenta cambia o idioma nada máis escoitala. Como debería ser sempre que fose posible, sen ningún tipo de problema.

Daniel Estévez, en cambio, tras ser atendido nunha empresa de orixe pontevedresa como é "Froiz" ten que aguantar a mala educación dunha caixeira.

Tras despedirse cun "ata logo!" recibe un "hasta luego!" en ton despectivo e remarcando a entonación no "e", prolongadamente. Xulgade vós mesmos...

Claudia Gómez con outra empresa galega, "R", tamén ten un relato curioso:

Conta como o **técnico** lle respondía sempre en castelán. De súpeto, recibe unha chamada, os seus colegas aos que lle fala por teléfono en galego. Chegan os pais de Claudia e tamén lle contesta en galego.

Como ela mesma di, que sexamos novos non quere decir nada. Débenos respectar a nós e as nosas ideas, tras as que temos bos fundamentos.

Ante isto toca reflexionar diante deste mundo globalizado do que antes falei, somos novos, temos ilusión por aprender, por impartir a xustiza como debe ser e de descubrir as verdades deste mundo oprimido.

Queremos pensar por nós mesmos, non que nos ensinen como pensar, querido sistema educativo baseado na pura e inútil memorización.

Ao final iso é un simple escupitaxo de tinta cunha nota que te marca.

En fin, creo que xa xulgastes bastante, e espero que para ben.

Puidestes comprobar como esta Semana triunfou grazas a un conxunto ben unido, cunha meta en común e facendo as cousas con ilusión.

Apoios, rexitamentos, pero sobre todo respuestas.

Seguimos sufrindo moitos prexuízos, pero se algo nos caracteriza como galegos é a nosa capacidade de superación.

Superamos os séculos escuros, van a afectar agora opinións sen argumentos válidos contra a nosa lingua?

Eu penso que non.

Aínda nos queda moita historia, e na nosa propia fala comprobamos a evolución desta cultura. Un exemplo claro son os termos enxebres, esas verbas tan típicas dos nosos avós, das nosas belas aldeas e contanto as súas costas.

Vivimos nun gran país, na que aínda queda moita bondade e miles de recunchos onde evadirnos de todo.

Apreza o que tes ao redor, coíðao.

Estamos nun entorno **supuestamente libre**, así que cada quen que empregue o idioma que queira sen que ningún llo recrime. E con todo o respeito, seguiuse a conversa na mesma lingua se é posible.

Esta foi soamente unha Semana en galego, xulgade vós mesmos...

A única revolución fica en ti.



# Sociedade e mentalidade

por Alejandro Arias Rey

O 26 de febreiro deste ano, outra vez máis, púxose de manifesto unha tendencia moi presente na nosa sociedade actual, que é a desintelectualización da mesma. Algo que se pon evidencia nas escolas, nos nosos políticos e nas conversaciones de bar.

Neste día os nosos representantes, os que se presuponen os más preparados para gobernar o noso país, acudiron ao Parlamento para "O Debate do Estado da Nación", e demostraron o que xa dixerá Ortega fai case un século. O "Home-Masa" goberna hoxe España (el falaba de Europa) un grupo de persoas que se creen en posesión da verdade absoluta, que é vulgar, e que non reflexiona se non que dirixe o Estado en base aos estereotipos que ten a súa tendencia política da realidade, que recibe un papel sobre como posicionarse en cada tema cada mañá. Pero non, esta patoloxía non está só no goberno, tamén podemos atopala na

oposición quen non critica as ideas propostas polo goberno, dedicase a ennumerar o os casos de corrupción nos que está envolto o seu "contrincante".

Esta falta de reflexión e más visible, e más sangrante, se cabe, na sociedade de a pé. Onde xa a xente non é soamente vulgar, senón que se enorgullece disto, e é más ao que lle fala dalgún tema que el descoñece, ou ao especialista nun tema se lle mira con desprezo. A xente da que estou a falar le os periódicos e ve a televisión, pode ser unha persoa verdadeiramente informada, pero non reflexiona sobre a información que recibe, a engulle e a solta dunha maneira pedante e partidista.

Os xoves somos iguais, ou peores, non é nada extraño acabar discusións con cousas como "Que vas saber ti?", o gran exemplo disto no ámbito estudiantil é a colocación dos exames, onde poderás encontrar berros, ameazas, falacias de todo tipo pero nunca unha solución. Ao final se acaba recurrindo a quén máis por

autoridade que por raciocinio colocan o exame onde ningunha das clases quería.

A situación das relacións sociais convértese nunha perpetúa guerra Civil dialéctica, que substitúe ao dialogo. Como non somos capaces nin de discutir (ideas) nin de escutar(ideas), vivimos nunha trinchera ideolóxica. E cómo se escenifica esta guerra no poder? A consecuencia é un parlamento no que funciona a negociación e non deliberción. Como é propio da negociación sempre vai ter mellores condicións para negociar o que ten maior peso parlamentario, e conseguira mediante a negociación o que procura, aínda que a negociación pode provocar pequenas modificacións. Sen embargo nun Parlamento onde funcionase a deliberación, unha boa idea sería aceptada aínda que quen a levase a cabo fose unha forza parlamentaria con escasa representación.

A situación de negociación dase en todos os ámbitos da nosa vida, e é un problema tratar coma se fose un mercado as relacións sociais , por iso creo que debemos facer un cambio de mentalidade e reinventarnos, para ter mellores relacións sociais e un mellor país.

**Porque non é o mesmo da-la nota que da-las notas. (Nohmal).**





## Xornada de iniciación aos **BOLOS CELTAS**

Para realizar a práctica de bolos celta, dentro dos contidos de xogos populares, trasladámonos todos os anos ao campo de xogo de Mañufe, no concello de Gondomar.

Alí, acompañados e dirixidos polo campión de España da modalidade, Xosé Rodríguez Domínguez, gozamos dunha xornada de aprendizaxe o día 5 de maio pola tarde.

**É profe. Foi, é ou vai ser profe túa, así que repara para ir re-coñecéndoa ben.**





# XORNADA DE RAFTING



**COS ALUMNOS DE 1º DE ANIMACIÓN DEPORTIVA**  
*No medio da dificultade: a forza e as técnicas do equipo contra a forza da natureza.*



**Chairs up! ¿Se entiende Eeeeeeenrique Meijón é un dos.**



Antes de comenzar : foto de familia



O día 14 de Novembro de 2014 uns 20 alumnos do Ciclo de Animación Deportiva realizaron en Arbo unha xornada de aprendizaxe de Rafting no río Miño, acompañados dos profesores Amador Riveiro e Xan Rei.

Despois de case dúas horas de loita coa corrente do río, coas rochas, cos rápidos e non sen

algunhas caídas das balsas, logramos chegar ao final do percorrido non sen antes facer unha paradiña para lanzarnos á auga dende unha rocha de 5 metros de altura.

Todo foi colaboración, axuda, traballo en equipo e moita diversión.

Tamén se pode aprender disfrutando dunha actividade!

**É profe hoxe, mais quen veu a ser hoxe aquel homiño da foto podes dicilo ti.**



### Letras fáciles: xuntos podemos; con iso e con más.



# Rumores nas bambalinas...

## OS INTEGRANTES DO GRUPO DE TEATRO REFLEXIONAN SOBRE A SÚA EXPERIENCIA NA ESCENA

“Foi unha experiencia moi positiva: profes e alumnos actuando xuntos, axudándonos, e cun mesmo obxectivo: facer realidade os nosos soños”.

“Nese intre, cando xa estás no escenario, coa luz dos focos acendida e as butacas lonxe de estar baleiras, decítaste de que non es ti quen realmente está a actuar e, no canto de pensar, déixaste levar pola maxia do momento...”

“A comunidade educativa funciona: o traballo non rexeita a diversión nin as boas relacións”.

“Enfermar é un pracer se a apócema para curar é unha función de teatro”.

“Para mim resultou unha experiencia extraordinaria, especialmente no que atinxé ás relacións humanas: nin alumnos, nin mestres, tan só un grupo de soñadores xogando a ser artistas. Definitivamente foi unha fantástica experiencia lista para lembrar por todos os que con esforzo e entusiasmo desexabamos facer pasar dúas horas ben cumplidas de risadas sen parar a un entregado público sen igual!”.

“No grupo de teatro somos unha grande familia, na

que cada vez máis xente se une a pasar un bo anaco, dotando as artes escénicas dun calibre insuperable. Como dicía, esta familia só fai crecer, e por iso seguiremos unindo máis membros para comezar proxectos con áinda máis ilusión e ganas”.

“O teatro atráete... pero as galletas engánchante”.

“Se hai unha cousa que nos gusta máis que as galletas e o chocolate que comemos nos ensaios, é actuar”.

“Bos actores, mellores persoas”.

“Unha obra de teatro non é simple, hai detrás moito traballo, moito esforzo, bos momentos e compañeirismo! É moi importante ter un grupo unido, e no Sánchez Cantón conseguímolo. Por iso as obras de teatro nos saen tan ben, e se hai algúns erros, pois non hai mais que aprender deles”.

“A sensación de tremer os xeonllos, o pensamento de trabucarse e moitísimos nervios... Todo iso cambia nun segundo para transformarse nunha sensación de tranquilidade, forza e paixón cando se sae a escena”.



# PONTEVEDRA

## a cidade máis cómoda do mundo para vivir?

por Alberto García Alén

**A**cidade de Pontevedra foi galardoada co Premio Internacional de Dubai á cidade máis cómoda para vivir no mundo.

Este premio, patrocinado polas Nacións Unidas, recoñece ás cidades que melloran as condicións de vida

para os seus usuarios e calidade urbana, a mobilidade e accesibilidade.

Presentáronse 406 proxectos de 95 países e os premiados foron Pontevedra, Guine-Bissau, Arxentina, Cambodja, Kenia e Exipto.





O Concello presentou directamente a súa candidatura polos cambios feitos nos últimos catorce anos para converter Pontevedra nun modelo de cidade “centrado nas persoas” e foi apoiada por colectivos e institucións como a Deputación de Pontevedra e o Comité Hábitat Español, dependente do Ministerio de Fomento.

Pontevedra baseou o seu proxecto, segundo a memoria presentada, no traballo realizado dende 1999 para recuperar os espazos públicos para a cidadanía fomentando a autonomía persoal, eliminando os riscos derivados do tráfico, reducindo a contaminación aérea, acústica e da auga, recuperando áreas urbanas degradadas, fomentando a mobilidade non contaminante e saudable e mellorando a conexión entre a cidade, a Ría de Pontevedra e os seus ríos.

O premio tivo unha dotación económica de 30.000 dólares e incluíu un trofeo e un certificado de honra.

Na miña opinión, que representantes de institucións de distintos países e cidades se interesen por este novo modelo humanista de cidade, supón un orgullo para os pontevedreses. A peonalización é o modelo urbano que triunfa en Europa polos seus beneficios

medioambientais e porque fomenta o exercicio e un estilo de vida más saudable; a xente pasea, relaciónnase mellor, os nenos xogan na rúa sen perigo, as persoas en cadeiras de rodas pódense desprazar polas rúas con facilidade e o comercio local reactivase.

Mais tamén penso que o Concello, cando deseñou este modelo de cidade, esqueceu facer aparcamentos públicos gratuitos porque Pontevedra está rodeada de parroquias e vilas e o veciño que necesita o coche ten que pagar o parking diariamente. E supono que para o comercio tampouco é boa a peonalización porque moita xente agora vai mercar aos centros comerciais e supermercados de fóra da cidade e, se non o remedian, moitas tendas tradicionais van pechar.

Doutra beira, este galardón non gustou a todos porque un sector da poboación pensa que o concello, dentro dunha estratexia de marketing, vendeu este modelo de cidade como algo impresionante e que a organización que concedeu o premio é un chiringuito pensado para que países en vías de desenvolvemento sigan camiños sostibles na súa industrialización. Tamén din que Pontevedra foi a única cidade europea que se presentou. Tí que opinas?



# Que é o que máis van botar en falta o ano que vén, fóra do Sánchez?

Vou botar de menos todo e ao mesmo tempo nada, os exames, os mestres, etc que son cousas que non pensaba ir botar de menos cando comecei, son cousas sen as que non podo concibir a miña vida agora. Non é por contestar o que todo o mundo nin por carecer de personalidade, pero o que mais botarei de menos son os meus compañeiros... Sei que a xente sempre di o mesmo pero a verdade é que se cheguei onde estou é grazas aos meus compañeiros. Asústame o mesmo feito de pensar en estar na Universidade sen eles.

**Carmen Araújo, 2 bach C**

Pois botaría de menos a moitos profesores, cos que teño unha relación moi moi boa. Tamén certos certames, proxectos que se fan aquí e logo fóra na Universidade, seguro que son moi complicados de levar a cabo. E sobre todo certas actividades moi interesantes que se fan no centro, persoalmente eu o teatro vouno botar moiísimo de menos, aquí temos a Belén, que é sinxelamente impresionante e estou seguro de que non vou atopar outra igual.

**Alesander Sala, 2bach A**



Penso que o ano que vén vou botar de menos aos meus compañeiros, posto que moitos dos que teño vanse ir cara outras universidades. Tamen botarei en falta o feito de estar atarefado, polo menos nalgún dos casos, posto que adoito estudiar con máis xente e é outra forma de me divertir.

**Carlos De Miguel, 2 bach B**

Supón que botarei de menos moitas cousas. Entre elas, o levantarme ás presáas para chegar ao insti a tempo e os típicos días que chegas tarde e esperas no hall e aproveitas para estudar... Por suposto, botarei en falta estar polos corredores deste centro no que estiven seis anos. E, sen dúbida, botarei moito de menos a moitas profesoras e profesores que me aprenderon un montón de cousas e aos que lle teño moiísimo cariño e aprezo. Como non pode ser doutro xeito, esas tardes do clube de teatro coa profesora Belén van ser

inesquecíbeis para min. Haberá bos, malos e non tan malos recordos pero sempre gardarei este centro no meu corazón.

**Diego Bará, 2 Bach D**

Vou botar moito de menos aos profesores xa que son moi simpáticos e a maioría queren axudarnos. Aos alumnos porque son moi bos compañeiros e sempre nos axudamos. Tamén, porque encontrámonos todos na facultade de ciencias sociais e quedamos para cear e ao día seguinte volvemos a clase de reenganche. As excursións estiveron moi ben, áinda que claro, ao estar 50 persoas nunha habitación, ao día seguinte estamos todos mortos e os profesores molestos por non deixalos durmir, entón, no bus, ao día seguinte empezan a pintarnos na cara... E estudar, iso si que non o vou botar de menos.

**Laura Trastoy, 2 Bach B**

En xeral poderíase concluir que os alumnos vanse botar de menos entre eles posto que son moitos os recordos vividos. O feito de estudar non é que lles agrade aos estudiantes pero é outro xeito de interaccionar cos demás alumnos.

**Ai, nenes! Dámónos á bebida.**



**3.º ESO B**





É profe, e ten sido profe de tantos tantos que xuntos non habían entrar no Pasarón.



**3.º ESO A**

Caixa de entrada - ogalego@... Re: Saúda do alumnado - ... ×

Ficheiro Editar Ver Ir Mensaje Ferramentas Axuda

Recibir correo Escribir Conversas Axenda de enderezos Etiqueta Filtro rápido

From Agustín FP ★  
 Subject RE: Saúda do alumnado  
 To A min <ogalego@galicia.com> ★

Querido Anxo:  
 O que non inventedes no Sánchez Cantón...!  
 Moito me gustou este correo que me mandastes! Fixome rir ben, e tamén me emocionou escoitarvos. Desde logo, Anxo, es extraordinario! E os rapaces e rapazas, xa nin teño palabras!  
 Desta vez si que non pasa! Mañá mesmo fago un paquete de agasallo para a clase de 1º. É o menos que podo facer para corresponder a tanto agarimo.  
 Moitas apertas, para repartir tamén coa clase, de Agustín  
 P.S.: Esta mensaxe vosa ainda a agradecín máis porque levo un mes, de novo, con quimioterapia, que non é nada doada de levar, como xa terás oído. E as palabras de ánimo, coma as vosas, axudan a illo levando.  
 Outro P.S.: Por certo, hai dous días chegoume unha edición nova de Contos por palabras, desta vez en Bromera. Como acabo de escanear a portada e a contraportada, velaquí volas envío co correo.

-----Mensaje original-----  
 De: Ogalego [mailto:[ogalego@galicia.com](mailto:ogalego@galicia.com)]  
 Enviado el: mércores, 05 de novembro de 2014 19:40  
 Para: Agustín FP  
 Asunto: Saúda do alumnado

De parte do alumnado de 1º ESO A  
 Apertas  
 Anxo González Guerra


Caládevos; é moi sinxelo.





"Na clase do burato, distráenos ata o ghato"





Valverde.com

Año 1987 :  
xuntanza da  
promoción de  
bacharelato do  
curso 1961-1962  
do Instituto de  
Pontevedra. Xunto  
con Filgueira  
Valverde están:

1. Pidre
2. Pepe Agra
3. Che Rocafort
4. Pucho Salgueiro
5. Rafael Rodríguez
6. Quique Cerviño
7. Fis
8. Arturo
9. Luis Gómez Cuerpo
10. Pury Montero
11. Costal
12. Moncho Muñiz
13. Pedro Limeses
14. J.R. Pereiró
15. Esperanza
16. Pirula Moldes
17. María Jesús Carrera
18. Maruxa Outón
19. Pío Iglesias
20. Sr. Corrochano
21. Manolo Iglesias
22. María Elena Bugallo
23. Rodiño
24. Mari Carmen Costa
25. Don Joaquín
26. Sra. Gamallo



# ODISEA 3.0

En exclusiva para o Cartafol, a conversa mantida por WhatsApp durante a fin da longa guerra de Troia e a volta a casa dos vencedores, unha auténtica odisea.




|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |

## REPARTO

|                      |                     |
|----------------------|---------------------|
| AGAMÉNÓN:            | IVÁN ARGIBAY        |
| AQUILES // PRETEND.: | ALEJANDRO ARIAS     |
| TRIPULACIÓN:         | CARLOS BERMÚDEZ     |
| CIRCE:               | JAVIER BOULLOSA     |
| POSEIDÓN:            | MIGUEL CASTRO       |
| ATENEA:              | SANTIAGO DURÁN      |
| POLIFEMO:            | ALBERTO GARCÍA-ALÉN |
| ZEUS:                | MANUEL GONZÁLEZ     |
| SEREAS:              | RODRIGO PAZ         |
| MENELAO:             | PABLO REY           |
| TELÉMACO:            | ANDRÉS PÉREZ        |
| ELENA DE TROIA:      | IRINA VIEITEZ       |
| 彭ÉLOPE:              | CARLOTA PÉREZ       |





Banda deseñada feita sobre un conto de Suso de Toro, por Miguel Castro Gómez

### 1º ESO C. O ensino que deixou pegada



# Verdadeiro ou falso? Di se foron verdade estes titulares referidos a Galicia:

a.V. b. F. c. Fd. V. e. Ff. Vg. Fh. V  
SOLUCIÓNS :

- a. Condenado a dous anos de prisión por falsificar as notas do seu fillo.
- b. O tradutor automático de La Voz de Galicia ocupará unha cadeira na RAG.
- c. A xunta pagará 110.000€ por unha versión do “La, la, la” que promocione Galiza.
- d. Detido en Vigo por pinchar rodas de coches porque “para liberar o aire ó mundo”.
- e. O Goberno meterá á ONU na lista de organizacións terroristas por oposicione á Lei Mordaza.
- f. Discute nun bar de Moraña, vaise, volve vestido de buzo dispara cun arpón.
- g. Os habitantes de San Miguel Deiro, Cambados crean un valado metálico de 1 km de longo no monte para separalos da parroquia veciña.
- h. Multado por adiantar un can sen deixar suficiente distancia.

**É profe. Na foto estaba para selo pero aínda non o tería claro de todo. Sabes quen é?**



**1.º ESO A**



Este é o último ano que se fai a Pasión.



**2.º ESO B**

## Señoras e señores, con todos vostedes... (adiviñade quen vén sendo)

● A

- I. Aver... que vos parece?
- II. Isto é funda-mental, como a boina.
- III. Gustouche o libro?
- B
- I. ¡Bueno, callaos ya!
- II. Gírate 90º, abre el libro y ponte en actitud de trabajar.
- C
- I. Nenos! Quen faltou?
- II. É que eu teño un humor corrosivo cáustico.
- III. Parecedes uns teletubbies!
- IV. Vou chamar a Almodóvar, a ver se se inspira con vós para unha nova película.
- V. Vou escribir “Antología del disparate”.
- VI. Éinauditio, que en 2º de Bacharelato non se saibam as provincias.
- VII. Sodes todos gagá?
- VIII. Vas a una ferretería y te compras una lija para suavizarte.

● D

- I. Mmmm..... alzheimer galopante.
- II. Yo, que llevo dando clase desde la Edad Media, ...



● E

- I. Bueno, abran o libro pola páxina 282-286.
- II. Folio catro?
- III. Teñen exactamente dúas horas e media.
- IV. Rogo presten atención ó vídeo, é moi importante.
- V. Eu unha vez estudei a miña xenealoxía e descubrí que tiña un antepasado que traficaba con negros en Cuba.

● F

- I. Cando me poño a explicar cara o encerado, é que ningúén me fai caso!
- II. Dicde vós un problema, porque o que queredes é que diga cousas do exame.

● G

- I. Me gustaría...
- II. Niños. Me seguís? Me estáis entendiendo?
- III. Claaro, es que tu no puedes llegar y decir...

● H

- I. Si el próximo día me veis sin barba es que la Pasión se ha suspendido... para siempre.
- II. Yo, de la JMJ, traje esta cruz. En la JMJ era increíble la cantidad de gente que había.

● I

- I. Estas son transformations de las que me gustan.

|             |              |          |          |          |
|-------------|--------------|----------|----------|----------|
| a.Janiero   | b.Sagarratxo | c.Bea    | d.Elaido | e.Pallín |
| f.Cortegoso | g.Juanatey   | h.Juanan | i.Lara   |          |
|             |              |          |          |          |
|             |              |          |          |          |
|             |              |          |          |          |

**SOLUCIÓNS**



## Certame Poético

### SEMELLANZAS RAZOABLES


PEDRO TIZÓN OTERO & RODRIGO PAZ FEIJOO



Xosé Luís Janeiro: "Isto é funda-mental, como a boina" // Roberto Mancini: Adestrador do Inter de Milán



Xosé Luís Pallín: "Descubrín que un antepasado meu traficaba con negros en Cuba"



PISTA: "Porque vós sodes de ciencias, non?"



## Galicia

Entre bosques de castiñeiros,  
entre pedras do río Sil,  
dítase un perfil  
ondulado, calmado,  
hostil.  
  
Unha paisaxe natural,  
unha beleza sen igual,  
é a que ten a nosa fermosa Galicia,  
a nosa curiosa Galicia,  
a nosa valiosa Galicia.


Prexuízos entran nos nosos oídos,  
antes de saber, que temos un tesouro  
que a terra quere esconder.  
  
Falan a máis no poder,  
e imaxinan pobos analfabetos  
pero o que teñen diante non é  
máis ca unha reliquia  
que non poden obter.  
  
Por iso, rompen os fíos,  
desencadean arrefíos.

Ti, que es delicada, calmada,  
burlada, soñada...  
  
Evita as palabras malvadas  
que penetran nas túas entrañas,  
deixando ver o forte que podes chegar a ser.  
  
E, se algún día morres, has de saber,  
que o teu valor vai saír á luz,  
porque tan só desprendes ledicia,  
fermosa Galicia,  
curiosa Galicia,  
valiosa Galicia.

Saber, igual que antes sabíamos.

Gabriela González Otero  
1.º Premio Poesía





## Recomendacións para o verán: PEQUENOS e GRANDES LECTORES

Por  
Alba  
Carballeda  
Ruibal

### 1.- TRASH: LADRÓNS DE ESPERANZA:

A novela relata a historia de tres rapaces: Gardo, Rafael e Rata, que malviven no vertedoiro da cidade. A súa vida dá un xiro de cento oitenta graos, cando encontran una carteira chea de cartos...

### 2.-CORAZÓN BRANCO, CORAZÓN NEGRO: (Jonatan Odell)

Está ambientada no sur de E.E.U.U. durante o século XIX, conta a historia dunha rapaciña negra chamada Granada que é arrincada dos brazos da súa nai, para servir de boneca a súa ama, alporizada pola norte da propia filla. Todo muda coa chegada da curandeira Polly Shine ...

### 3.- AS DOCE TRIBOS DE HATTIE: (Hayyana Mathies)

O libro comeza na cidade de Philadelphia dos anos vinte, e narra a

## 2.º TSAAFD

historia dunha nai e os seus once fillos....

**4-A ANALFABETA QUE ERA UN XENIO DAS MATEMÁTICAS:** (Jonas Jonasson)

A protagonista é una xove sudafricana chamada Nombeko Mayeki, que vive no tristemente célebre gueto de Soweto. ao longo de toda a historia, Nombeko encontrarase cunha parella antisistema, dous axentes do MOSSAD,a até o propio primeiro ministro sueco.

**5-A VIDA DE SARAH THORNHILL:** (Kate Gremville)

Esto sucede en Nueva Gales del sur ,Australia a .XIX: Sarah, filla de inmigrantes ingleses, vive nunha pequena veiga cos seus pais e a súa irmá; mentres Will, o irmán de Sarah, e Jack, o seu namorado, dedicanse a caza de baleas para conseguir un futuro mellor ; pero una norte e una visita inesperadas sacarán á luz vellas feridas do pasado , que mellor seguirían soterradas...

**6-EU SON MALALA:** (Malala Y.)

Autobiografía da xove que defendeu o seu dereito á educación e foi atacada polos talibáns...

**1.º TSAFD**



**2.º BACH. C**



"Amosando más 'clase' ca un profesor"






Se non o recoñecedes será por  
pouco, polos pelos, pero vén  
sendo el, si, si el, o mesmo.



## 4.º ESO C



Aquí fede a traballo.



## 4.º ESO A



► FORA, Persoeiros baixando a rampa do Instituto para celebrar un acto institucional o Día das Letras dedicado a Filgueira Valverde.




► DENTRO, Filgueira Valverde presidindo o claustro no vello Instituto de Pontevedra. Oh tempos!!



2ºESO D. As mentes son coma os paracaídas, só funcionan se están abertas



# XX Certame de TARXETAS DE FELICITACIÓN DO NADAL



Que neste nadal  
a tua ilusión sexa o teu traxe,  
a tua felicidade a tua cea,  
e o teu sorriso o mellor agasallo.

Bo Nadal!

Autor: Alexandre Pedrosa Rodríguez  
Gañador: XX Certame de Tarxetas do Nadal  
Organiza: Grupo de Normalización Lingüística  
Colabora: Departamento de Debuxo e ANPA.  
IES Sánchez Cantón de Pontevedra



# A miña experiencia no concurso Coca-Cola

**P**échase un ciclo. Aló polo ano 1979, o meu pai, que daquela cursaba 8º de EXB, presentábase ao concurso de relatos Coca-Cola na modalidade de lingua castelá. E agora, aquí estou eu, clasificada como unha das tres finalistas do sector de Vigo. Poucos, nin tan sequera eu mesma, daba un pataco por ter chegado ata onde estou agora.

Lembro que cando o profesor de Lingua me ofreceu, xa hai uns meses, presentarme ao concurso, eu, case sen confianza en min mesma, estiven a piques de botarme atrás, quizais por medo a defraudar. Agora, uns días despois de que o mesmo profesor que noutrora me instaba a presentarme ao concurso, me dese a boa nova, doume conta de que ter feito iso puidera ser, sen ningunha dúbida, un dos meus maiores erros.

Non sei áinda moi ben por que, pero sentín que posiblemente non merecese a pena correr o risco para perder. Si, porque eu tiña claro que nin tan sequera ía superar ao meu pai, quen, dende que comecei a escribir, foi todo un referente para mim. Non dende que comecei a escribir as letras do abecedario, senón más ben, dende que comecei a inventar pequenos relatos de ciencia-ficción. Relatos que, a pesar do tempo que pasou, aínda me lembro dalgúns: "o esqueleto Desiderio" ou "a centola Crustina". E foi precisamente aquí, nos meus primeiros pasos na escrita, a quen lle debo o premio deste concurso. Porque foi precisamente tomando como partida o relato da miña amiga Crustina, que vivía nun pobo de luz artificial, onde iniciei a miña imaxinaria aventura aquel venres pola tarde nos dominios do Valle Inclán.

Aínda recordo os nervios que tiña antes de saber cal ía ser o tema, a sabendas de que non ía gañar... como di o dito, "a esperanza é o último que se perde". Iso, dende logo, sei por descontado que nunca o perdín. E, como non todo o que reluce é ouro, tamén cabe dicir que foi na

miña infancia onde, sen pretendelo, fun cometendo erros que, pouco a pouco, conformaron a miña forma de redactar, pesada e ás veces repetitiva. Agora, despois de deixaratrás todos esos contos infantís, doume conta de que o meu estilo á hora de escribir quere comezar a tomar outro rumbo, más sinxelo e cun toque argumentativo.

Aínda que sei que non vai ser nada doado, espero que esta "vitoria" me dea impulso suficiente para poder chegar a cumplir o meu soño.....

*Noraboa á nosa alumna  
Antía Corderí Rodríguez  
por ter acadado un dos  
primeiros da Fase provincial  
da 7.ª Edición do Concurso  
Novos Talentos. Premio  
Relato Curto 2014-15.*



15/05/2015





